Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a aplicación, ás traídas veciñais e captacións de auga particulares, do canon da auga e do coeficiente de vertedura"introducidos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, así como no decreto que a desenvolve

- 4143 - 1295 (09/PRE-000265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis

Sobre o número de vítimas mortais e as deficiencias en materia de seguridade vial que presenta o corredor do Morrazo, así como as previsións do Goberno galego en relación coa execución do seu desdoblamento

- 3147 - 1441 (09/PRE-000266)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fernández Calviño, David

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a instalación na estrada AC-214 do paso de peóns solicitado polos veciños do concello de Cambre

- 4142 - 661 (09/PRE-000269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego e as súas novas medidas postas en marcha para evitar e resolver o problema dos desafiuzamentos, así como as súas

previsións respecto do restablecemento do seguro de pagamentos

- 2633 - 513 (09/PRE-000271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir ás familias o dereito de acceso ao servizo de comedor nos centros públicos de ensino do concello de Oleiros e, nomeadamente, no Colexio de Educación Infantil e Primaria da Rabadeira

- 2631 - 563 (09/PRE-000272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto dun recurso presentado por un alumno excluído do servizo de comedor do colexio da Rabadeira, no concello de Oleiros, as razóns que impiden a súa ampliación a todos os solicitantes, así como o prazo previsto para a restauración do normal funcionamento dos órganos do centro

- 2547 - 837 (09/PRE-000273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o xuízo que se vai celebrar o día 30 de novembro de 2012 nos xulgados da Coruña con motivo dunha denuncia presentada contra o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

- 2548 - 873 (09/PRE-000274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o restablecemento do programa Preescolar na Casa

- 2769 - 1020 (09/PRE-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis
Sobre a catalogación e a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do estado de conservación no que se atopa o mural pintado por Urbano LUGRÍS nunha cafetería da cidade da Coruña, así como as actuacións previstas para garantir a súa conservación e protección

- 3424 - 1105 (09/PRE-000276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Méndez Romeu, José Luis
Sobre o grao de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario aprobado no ano 2010 en relación co Camiño de Inverno e as previsións respecto da súa sinalización, divulgación e promoción, así como as medidas que vai adoptar para a súa revalorización turística ao seu paso polas terras de Valdeorras e Quiroga

- 3174 - 1150 (09/PRE-000277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da derogación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario e a aplicación das medidas contidas no Plan xeral de normalización da lingua galega

- 2628 - 1168 (09/PRE-000278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate, antes do inicio do curso escolar 2013-2014, das obras de ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e os seus Contornos, no concello de Sada

- 3167 - 1272 (09/PRE-000281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a situación do tecido empresarial galego en relación coa implantación da Formación Profesional dual, prevista no Anteproxecto de lei de mellora da calidade educativa, así como as súas consecuencias para o profesorado galego

- 2767 - 1324 (09/PRE-000282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en valor do Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e das tumbas antropomorfas de San Víctor, así como a creación dun centro de interpretación

- 2774 - 1445 (09/PRE-000283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia con Gas Natural Fenosa e a difusión de campañas que exclúen a lingua galega

- 3913 - 1448 (09/PRE-000284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Secretaría Xeral de Cultura

- 3914 - 1450 (09/PRE-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Fundación Cidade da Cultura

- 2630 - 1462 (09/PRE-000286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para denegar a solicitude formulada pola dirección do Colexio de Educación Infantil e Primaria Xoán de Requeixo, de Chantada, en relación coa insuficiencia das prazas de comedor escolar

- 2626 - 504 (09/PRE-000287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre os problemas no abastecemento de vacinas contra a gripe que se están a producir na campaña de 2012, así como as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 2555 - 726 (09/PRE-000288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a suba, para o ano 2013, das taxas ou dos prezos fixados polo Sergas para os servizos prestados a terceiros obrigados ao seu pagamento, e as previsións respecto da súa aplicación

- 2556 - 958 (09/PRE-000291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre os datos referidos á evolución do VIH/SIDA en Galicia nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012 e os programas de prevención desenvolvidos nese período, a atención que se lles está a prestar ás persoas afectadas, así como as medidas previstas polo Goberno galego para garantirles a atención sociosanitaria, así como unha axeitada prevención da enfermidade no próximo orzamento

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 26 de febreiro de 2013, polo que se toma coñecemento do escrito do portavoz do G.P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo (doc. núm. 4166)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4166, o escrito do portavoz do G.P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 26 de febreiro de 2013, acordou:

1.º) Tomar coñecemento dos cambios na representación do G.P. Popular de Galicia na Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.

Baixa: Marta Rodríguez Arias

Alta: Herminia Pouso Maneiro

2.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

Elección da vicepresidenta da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, na súa sesión do 28 de febreiro de 2013, adoptou os seguinte acordo:

Elección de vicepresidente

- (09/CEEM-000019)

Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Elección do/a Vicepresidente da Comisión

María Dolores Faraldo Botata

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2013

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2.ª



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 211...

RS/mc

3421

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 704**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da promoción de instalación de novas industrias no concello de Cee”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellerías de Economía e Industria e do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está especialmente comprometida coa promoción do desenvolvemento económico e empresarial dos concellos da Costa da Morte –entre os que se atopa Cee–, como pon de manifesto a vixencia do Plan Revive, que inclúe un marco de discriminación positiva para incentivar a realización de novos investimentos nestas comarcas.

Como medida principal, o Plan Revive habilita subvencións destinadas a apoiar investimentos empresariais a partir de 200.000 euros (fronte ao mínimo xeral subvencionable de 500.000€) que se realicen nesas comarcas; estes proxectos de investimento poderán contar con subvencións mínimas garantidas do 20% se corresponden a primeiras implantacións en Galicia, e do 15% se se trata de proxectos de ampliación ou modernización de instalacións existentes. E préstamos directos complementarios.

Por outro lado, o marco xeral de axudas do Igape contemplará en 2013, como en anos anteriores, subvencións de maior intensidade ou tratamento preferente para as comarcas da Costa da Morte nas diferentes convocatorias de axudas do Igape:

- IG100, subvencións a grandes investimentos empresariais.
- Axudas para a mellora da competitividade
- Axudas para a internacionalización

- Proxectos impulsados por novos emprendedores, no marco do programa ReEmprende
- Servizos avanzados do programa ReAcciona

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, no seu afán e obriga de poñer a disposición as súas instalacións portuarias tanto para os usuarios que así as soliciten como para as empresas que desexan instalarse nelas, sempre que cumpran os requisitos establecidos, facilitará no posible a instalación de novas industrias en Cee.

É evidente que a Xunta de Galicia aposta por todas as iniciativas que supoñan o desenvolvemento portuario e económico e que, ademais, xeren riqueza e emprego. Como exemplo basta analizar o importante incremento dos tráfico no porto de Brens desde a súa ampliación e posta en servizo no mes de febreiro do pasado ano.


No caso da empresa que ten previsto solicitar a instalación dunha fábrica de tubaxes de grandes dimensións, o ente público soamente pode remitirse á petición de información solicitada ao mesmo, e ao acordo e consenso entre as administracións.

Portos de Galicia non pode opinar sobre a conveniencia ou non da instalación desta industria nese porto por non ser da súa competencia, xa que soamente corresponde a este organismo portuario facilitar no posible os terreos solicitados para a súa actividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 709**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para estender a acta de reorganización da propiedade da concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés, no concello de Vimianzo”**, (publicada no BOPG nº 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de reorganización da propiedade da concentración parcelaria de Cereixo-Carnés atópase na fase de Acordo, fase que supón a determinación das fincas de reemplazo coa proposta de reparto aos novos titulares, coa superficie resultante da reorganización da propiedade. Estenderase a acta de reorganización unha vez se remate a tramitación das modificacións propostas polos particulares ao Acordo.

En canto ás parroquias de Castrelo, Carantoña e Berdoias, tamén no concello de Vimianzo, a Xunta iniciará as concentracións parcelarias cando, de acordo co seu potencial agrario no contexto galego, se estimen viable a súa disposición e execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

11160



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **núm.: 725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **“os prezos que vai ter que pagar a cidadanía galega cando a carteira de servizos de atención básica, accesoria e complementaria do Sergas leve aparelhada un cobro”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O DECRETO 221/2012, do 31 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, actualiza estas tarifas segundo o IPC, e establece o seguinte:

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no seu anexo IX que, conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:

1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, á Mutualidade Xeral Xudicial ou ao Instituto Social das Forzas Armadas, que non fosen adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema nacional de saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
25 XAN. 2013
Núm. 2554

2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme o convenio ou concerto subscrito.

3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.

4. Seguros obrigatorios.

5. Convenios ou concertos con outros organismos ou entidades.

6. Cidadáns estranxeiros, nos supostos previstos.

7. Outros obrigados ao pagamento:

a) Accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos en caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou de responsabilidade civil que cubra as continxencias derivadas destas actividades.


b) Seguro escolar.

c) Calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades ou terceiros correspondentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

3419

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 209

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 736**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para a dispoñibilidade, por parte da industria naval galega, antes do remate do ano 2012, dun sistema de arrendamento fiscal, tax lease, para a contratación de buques"**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a pesar de que reconece que para o tema do Tax-Lease non é interlocutor, conxuntamente coa Mesa do Dialogo Social xa veu executando accións directas tanto coa Comisión da Competencia como co Goberno Central pondo no seu coñecemento as propostas que elaborou e que serviron de base para a formulación da proposta que finalmente foi aprobada pola Comisión Europea da Competencia e que xa entrou en vigor a principios do ano 2013."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013


O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



3420

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 745**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco X. Jorquera Caselas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa devandita Lei, 5/2010, o sector da construción naval e un sector estratéxico para a economía galega e así aparece reflectido no Plan Estratéxico 2010 – 2014 Horizonte 2020.

Así, as medidas a adoptar para o desenvolvemento da mesma irán encamiñadas a acadar o obxectivo global e os obxectivos estratéxicos que o plan establece para este sector estratéxico. Así no eixo da dinamización económica, crecemento e emprego as medidas irán encamiñadas a, Internacionalizar a economía galega e fomentar o investimento empresarial o espírito emprendedor e a innovación nas empresas, a potenciar a competitividade deste sector estratéxico mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial e a acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego e no eixo da economía do coñecemento a construír unha sociedade competitiva baseada na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial como garantía de crecemento.

Así propiciárase:

- A especialización da oferta: Ferrol, en estaleiros públicos, de gran tamaño e con inclinación ao sector militar, ampliar a actividade cara a construción naval civil; Vigo, estaleiros privados de tamaño mediano, consolidado no sector privado.
- O reforzo do clúster do sector naval, aumentar a dimensión e implicación dos axentes, e contribuír a poñer en marcha novos proxectos dinamizadores, completárase cunha unificación dos servizos que se prestan no mar mellorarán a xestión ambiental e a seguridade.
- Ser un referente na I+D+i."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mc

RECEPCIONADO
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

8 FEB. 2013

3414



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 782**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e don José L. Méndez Romeu, sobre **“as razóns da demora na posta en funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da biomasa forestal reguladas no Decreto 149/2008”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade dúas das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal, aprobadas ao abeiro Resolución do 30 de abril de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de instalación de centrais de biomasa seleccionados consonte a Orde do 14 de novembro de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megavatios para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa (DOG nº 121, 28/06/2012) contan coa correspondente resolución de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución.

Outras dúas plantas de biomasa non serán executadas xa que nun caso o promotor renunciou a súa concesión e noutro a Consellería de Economía e Industria resolveu acordar a caducidade do expediente e o seu arquivo ao non aportar a empresa promotora a totalidade documentación contemplada no Decreto 149/2008, do 26 de xuño, a pesar dos diversos requirimentos.


No que se refire ás restantes oito plantas admitidas a trámite ao abeiro da mencionada resolución do 30 de abril de 2010, encóntranse en diferentes fases do procedemento de autorización, estando na maior parte dos casos tramitando unha modificación do

emprazamento inicialmente previsto, ou pendente da confirmación do punto de conexión da planta de biomasa á rede eléctrica onde se prevé evacuar a enerxía producida, este punto é básico xa que afectará de forma importante aos ratios de rendabilidade da futura planta de biomasa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the bottom.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RECEBIDO XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

RS/ms

2629

DEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 XAN. 2013
SAIDA
Num.SS

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno.: **815**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Ramón Vázquez Díaz, sobre **“o acordo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto dun recurso presentado por un alumno excluído do servizo de comedor do coloxio da Rabadeira, no concello de Oleiros”**, (publicada no BOPG núm.: 11, do 7 de decembro de 2012) convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Consellería, conforme coa legalidade vixente, concedeu a correspondente praza de comedor a todos/as os/as alumnos/as desde centro que o reclamaron e que tiñan dereito á mesma. As normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíble discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus pais.

Así todos/as os/as alumnos/as que utilizan o comedor escolar deste centro de Oleiros son usuario/as de pleno dereito. Para isto, non houbo que adoptar ningunha medida especial, simplemente houbo que aplicar a normativa, concretada para a situación orzamentaria existente no actual curso 2012-2013 pola Instrución 1/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, tal e como se esixe regulamentariamente.

En materia de comedores escolares, de acordo coa normativa autonómica vixente e en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, corresponde á Administración educativa autorizar o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, sempre garantindo que haberá marxe para atender aqueles casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

Neste punto, hai que lembrar que, no suposto de existiren máis peticións de admisión que prazas autorizadas, a normativa prevé unha orde de prelación no acceso ao comedor. Ao respecto, hai que sinalar que, no caso que nos ocupa, esta orde de prelación cumpriuse escrupulosamente, xa que as normas xurídicas están por enriba de decisións de pura xestión interna, como é o caso da fixación de prazos de petición de admisión fixadas polo centro escolar.

As prazas autorizadas pola Administración educativa non se determinan en función do aforo do local, senón en función da capacidade, certa e concretada a cada curso escolar, de poder asumir os custes derivados do mantemento e desenvolvemento das mesmas. Así mesmo, as normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus proxenitores.

Por outra parte, hai que por de manifesto que o Consello Escolar de cada centro de ensino é o órgano competente para a adxudicación das prazas do comedor en primeira instancia, pero que as súas decisións non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de revisión pola Administración educativa, mediante recurso de alzada a resolver pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda.

Esta situación produciuse, nun primeiro momento, a partir da presentación dun recurso de alzada polos pais do neno excluído do comedor do CEIP de A Rabadeira e, en datas posteriores, tamén se recibiron outros dous recursos de alzada e seis reclamacións, que foron paulatinamente respondidas.

Os recursos contra o proceso de admisión ao comedor desenvolvido polo Consello Escolar do centro foron interpostos e resoltos de conformidade cos requirimentos ao respecto esixidos pola vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así pois, a partir da revisión orixinada polas reclamacións, a Consellería creou as prazas requiridas trala resolución favorable de dous recursos de alzada e catro reclamacións formuladas por pais cuxos fillos son transportados lexítimos e, polo tanto, de acordo coa normativa de aplicación, usuarios preferentes do comedor escolar, con independencia do prazo



interno de xestión fixado polo centro escolar para a recepción das solicitudes de admisión. E tamén foi atendido outro recurso de alzada interposto polo pai dun alumno, cuxa solicitude de admisión foi enviada por FAX sen que o Consello Escolar de A Rabadeira a considerara no seu momento.

A creación destas prazas realizouse como consecuencia da decisión da Consellería de facer o esforzo económico de aumentar o número máximo de comensais autorizados naqueles centros educativos galegos nos que, de acordo co previsto na normativa en vigor, houbera que atender casos de usuarios lexítimos de transporte escolar como usuarios preferentes de comedor.

Por último, sinalar que o Consello Escolar presentou a súa dimisión poucos días antes da súa obrigada renovación por metade prevista regulamentariamente. De inmediato constituíuse un novo Consello Escolar, trala elección dos seus membros elixibles e o correspondente nomeamento dos que son designados pola Consellería, co que en ningún momento, dada a celeridade do proceso acometido, houbo baleiro de poder no centro e non se viu afectado o normal e axeitado desenvolvemento das súas actividades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 819**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a anulación do plan sectorial de ENCE en Lourizán, na ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A anulación da aprobación definitiva do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de Lourizán en virtude das sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ás que se fai referencia na parte expositiva da pregunta, foi parcial, limitándose á inclusión dunha fábrica de papel tisú no citado proxecto.

Nestes termos, non se require dun posterior acto de anulación por parte do Goberno galego máis aló do acatamento das decisións xudiciais.

Por outra parte, o proxecto sectorial subsiste como válido no seu restante contido, se ben as anteditas sentenzas declaran a súa ineficacia en tanto non se publique a súa normativa no Diario Oficial de Galicia, publicación que se produciu mediante resolución do 7 de decembro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, inserida no DOG do 14 de decembro de 2012.

No tocante a unha posible revisión da autorización ambiental integrada (AAI), en primeiro termo cómpre salientar que a autorización ambiental integrada de ENCE lle foi concedida en data 30 de abril de 2008 pola entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sendo, por tanto, o daquel Goberno bipartito o que se amparou no proxecto sectorial, agora parcialmente anulado, para o outorgamento da tal autorización.


Baixo o actual Goberno, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deulle o trámite legal que correspondía á solicitude de renovación da citada autorización, outorgándoa en decembro de 2011 á vista de que a empresa estaba lexitimada para obtela, e segundo os condicionantes xurídicos existentes nese momento. En todo caso, cómpre resaltar que a dita renovación ten sinalada a súa vixencia ate o 31 de decembro de 2015.

Dentro do ámbito competencial da Xunta de Galicia, cabe mencionar o feito de que o prazo de vixencia da renovación da autorización ambiental integrada outorgada á empresa ata decembro de 2015 sexa de catro anos -a metade dos oito que permite fixar a Lei 16/2002, de prevención e control integrados da contaminación- rematando moito antes da expiración da concesión de ocupación do dominio público marítimo - terrestre en Lourizán; ou a cualificación deste ámbito como Área de Mellora Ambiental e Paisaxística no Plan de ordenación do Litoral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

8 FEB. 2013

3471



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 820**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a revisión da autorización ambiental integrada (AAI) outorgada ao abeiro do plan sectorial de ENCE en Lourizán, na ría de Pontevedra, anulado polos tribunais de xustiza”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A anulación da aprobación definitiva do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de Lourizán en virtude das sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ás que se fai referencia na parte expositiva da pregunta, foi parcial, limitándose á inclusión dunha fábrica de papel tisú no citado proxecto.

Nestes termos, non se require dun posterior acto de anulación por parte do Goberno galego máis aló do acatamento das decisións xudiciais.

Por outra parte, o proxecto sectorial subsiste como válido no seu restante contido, se ben as anteditas sentenzas declaran a súa ineficacia en tanto non se publique a súa normativa no Diario Oficial de Galicia, publicación que se produciu mediante resolución do 7 de decembro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, inserida no DOG do 14 de decembro de 2012.

No tocante a unha posible revisión da autorización ambiental integrada (AAI), en primeiro termo cómpre salientar que a autorización ambiental integrada de ENCE lle foi concedida en data 30 de abril de 2008 pola entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sendo, por tanto, o daquel Goberno bipartito o que se amparou no proxecto sectorial, agora parcialmente anulado, para o outorgamento da tal autorización.


Baixo o actual Goberno, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deulle o trámite legal que correspondía á solicitude de renovación da citada autorización, outorgándoa en decembro de 2011 á vista de que a empresa estaba lexitimada para obtela, e segundo os condicionantes xurídicos existentes nese momento. En todo caso, cómpre resaltar que a dita renovación ten sinalada a súa vixencia ate o 31 de decembro de 2015.

Dentro do ámbito competencial da Xunta de Galicia, cabe mencionar o feito de que o prazo de vixencia da renovación da autorización ambiental integrada outorgada á empresa ata decembro de 2015 sexa de catro anos -a metade dos oito que permite fixar a Lei 16/2002, de prevención e control integrados da contaminación- rematando moito antes da expiración da concesión de ocupación do dominio público marítimo - terrestre en Lourizán; ou a cualificación deste ámbito como Área de Mellora Ambiental e Paisaxística no Plan de ordenación do Litoral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke, is written over the text of the signature block.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADA

RS/mc

8 FEB 2013

3470



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 821**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central co fin de impedir a introdución de calquera modificación na Lei de costas que permita a permanencia de ENCE en Lourizán, na ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A anulación da aprobación definitiva do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de Lourizán en virtude das sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ás que se fai referencia na parte expositiva da pregunta, foi parcial, limitándose á inclusión dunha fábrica de papel tisú no citado proxecto.

Nestes termos, non se require dun posterior acto de anulación por parte do Goberno galego máis aló do acatamento das decisións xudiciais.

Por outra parte, o proxecto sectorial subsiste como válido no seu restante contido, se ben as anteditas sentenzas declaran a súa ineficacia en tanto non se publique a súa normativa no Diario Oficial de Galicia, publicación que se produciu mediante resolución do 7 de decembro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, inserida no DOG do 14 de decembro de 2012.

No tocante a unha posible revisión da autorización ambiental integrada (AAI), en primeiro termo cómpre salientar que a autorización ambiental integrada de ENCE lle foi concedida en data 30 de abril de 2008 pola entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sendo, por tanto, o daquel Goberno bipartito o que se amparou no proxecto sectorial, agora parcialmente anulado, para o outorgamento da tal autorización.


Baixo o actual Goberno, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deulle o trámite legal que correspondía á solicitude de renovación da citada autorización, outorgándoa en decembro de 2011 á vista de que a empresa estaba lexitimada para obtela, e segundo os condicionantes xurídicos existentes nese momento. En todo caso, cómpre resaltar que a dita renovación ten sinalada a súa vixencia ate o 31 de decembro de 2015.

Dentro do ámbito competencial da Xunta de Galicia, cabe mencionar o feito de que o prazo de vixencia da renovación da autorización ambiental integrada outorgada á empresa ata decembro de 2015 sexa de catro anos -a metade dos oito que permite fixar a Lei 16/2002, de prevención e control integrados da contaminación- rematando moito antes da expiración da concesión de ocupación do dominio público marítimo - terrestre en Lourizán; ou a cualificación deste ámbito como Área de Mellora Ambiental e Paisaxística no Plan de ordenación do Litoral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke at the bottom.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

5 FEB. 2013

3141



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 839**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Román Rodríguez González e varios/as deputados/as máis, sobre “**as novidades que presenta, a partir do curso escolar 2012-2013, a oferta educativa de formación profesional en Galicia**”, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Ao longo da pasada lexislatura, a Consellería afrontou un importante traballo normativo e organizativo que contribuíu a adaptar e mellorar a Formación Profesional aos tempos actuais e á realidade socioproductiva de Galicia. As actuacións xa desenvolvidas amosan a aposta decidida da Xunta pola FP como unha ferramenta fundamental para asentar as bases do crecemento e do progreso na nosa Comunidade.

Galicia conta no presente curso escolar con máis alumnos na FP que no 2008/2009, cun incremento do 37,7% nestes últimos catro cursos, froito do interese crecente da cidadanía polos ciclos formativos que se ofertan. Isto foi posible porque houbo un marco normativo estable, unha reorganización da oferta formativa e pola potenciación da Rede de Centros Integrados de FP (CIFP).

O Goberno galego asume unha nova etapa e defende que dar nova forza ao modelo educativo de Galicia pasa por renovar a aposta pola FP e por dar novos pasos coa FP dual, de xeito que hai que afondar na relación bidireccional centro-empresa.

A publicación do RD 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da Formación Profesional dual, abre para Galicia novas vías que pasan por un maior achegamento da formación ás empresas, favorecendo unha formación profesional que dea resposta ás necesidades dos empregadores.

Por Orde do 10 de xaneiro de 2013, pola que se autoriza un proxecto experimental de Formación Profesional dual do ciclo formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos no CIFP Politécnico de Santiago, en colaboración coa empresa Coremain S.L.U., implántase o primeiro proxecto de Formación Profesional dual en Galicia, con carácter experimental, como unha actividade formativa inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe.

Este proxecto, que amplía a oferta de formación profesional en Galicia, constituirá un referente sobre as posibilidades da Formación Profesional dual.

Así pois, de acordo coa normativa estatal e autonómica vixente e coa realidade da nosa Comunidade, o Goberno galego está a dar os primeiros pasos na implantación de accións políticas para a posta en marcha de xeito progresivo dun sistema de aprendizaxe dual de FP, coparticipado entre empresas e administración.

Asemade, a Administración educativa galega seguirá a completar o catálogo de titulacións de FP, con currículos adaptados á realidade e o tecido empresarial da comunidade e grazas ás posibilidades formativas que ofrecen os CIFP. Ao mesmo tempo, no ámbito galego afrontarse o desenvolvemento da normativa orgánica estatal para a implantación da FP Básica.

Por último, sinalar que nos vindeiros anos a aposta do modelo de formación en Galicia pasa por potenciar a formación e a cualificación profesional para os galegos e galegas. Para o que haberá que dar pasos normativos que permitan establecer os principios e as bases da formación ao longo da vida nas diferentes etapas, niveis, formación profesional, educación formal e non formal e orientación profesional de acordo coa realidade galega actual.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime




RS/mc

GOBIERNO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL ENTRADAS

2013

3439




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 914**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Industria para a apertura do Rexistro de preasignación de retribución de instalacións de enerxía eléctrica en réxime especial”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levará a cabo todas as accións que contribúan ao desenvolvemento de instalacións de produción de enerxía eléctrica en Galicia a través de fontes renovables e eficientes, como é o caso do recurso de inconstitucionalidade. En todo caso, o dito recurso de inconstitucionalidade é a ferramenta xurídica de maior rango que pode empregar este Goberno, polo tanto, a acción máis importante das que se poden levar a cabo contra a aprobación do Real decreto-lei 1/2012, polo que entendemos que no caso concreto da suspensión do rexistro de preasignación cumprimos co noso deber, defender Galicia e defender os investimentos na Comunidade Autónoma. Neste senso, a nova da admisión a trámite do devandito recurso é valorado moi positivamente. Demóstrase una vez máis que este Goberno defende os intereses de Galicia dentro do ordenamento xurídico e de acordo coas competencias propias da Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'G' followed by a series of loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

2 FEB. 2013

RS/mc

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 7 FEB. 2013

SAÍDA

Num. 166

3445

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 917**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da supresión polo Goberno galego das axudas ás compañías de baixo custo que operaban nos aeroportos da Coruña e de Vigo”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A diferenza do que se manifesta na pregunta, a Xunta de Galicia non subvenciona voos, senón campañas de promoción turística. A este respecto, non pode afirmarse que o actual Goberno discrimine aos aeroportos da Coruña e Vigo con relación ao Santiago de Compostela, como se ten feito noutra época nas que se centraron practicamente todas as accións no aeroporto de Lavacolla.

A Xunta de Galicia respecta o contrato de promoción turística que ten subscrito cunha empresa aérea ata decembro de 2013. A partir desa data, como xa se ten anunciado publicamente, o aeroporto de Santiago de Compostela terá o mesmo tipo de promoción turística en destino como a que xa se está a realizar nos casos de Vigo e A Coruña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013



O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordoñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 932**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“os cambios que demanda o Goberno galego na tramitación do Plan xeral de ordenación urbanística da Coruña”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non demandou ningún cambio no documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) da Coruña, senón que requiriu ao concello, o 10 de setembro de 2012, para que completase a documentación do expediente achegando unha serie de informes, oficios e documentos preceptivos para acadar a aprobación definitiva.


O requirimento baséase no establecido no artigo 85.7 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que establece a obriga de examinar a documentación presentada, co fin de comprobar a integridade documental do plan e do expediente, así como as actuacións administrativas realizadas.

O prazo para resolver sobre a aprobación definitiva do PXOM é de 3 meses desde a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'G' followed by a series of loops and a final horizontal stroke.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

REGISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

8 FEB 2013

3450

galicia

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
S A I D A
Num. 171

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 942**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“o estado de tramitación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Lugar de Interese Comunitario e da Zona de Especial Protección para as Aves de Pena Trevinca”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 943, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL ENTRADA

8 FEB. 2013

3457

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 172


En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 947**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar que as actividades, nomeadamente as extractivas, que se realizan no espazo natural protexido de Pena Trevinca destrúan os seus valores”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 943, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

GOBIERNO DE GALICIA
GOBIERNO XERAL DE GALICIA



RS/mc

5 FEB. 2013

2137

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 962**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da declaración de interese público de carácter supramunicipal outorgada a unha concesión mineira no concello de Castrelo de Miño”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a comarca, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próxima a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles e modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (non empregada nas explotacións de granito galegas ata o de agora) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, evitando, ademais, a utilización de explosivos, que será practicamente nula. Esta declaración de supramunicipalidade, do primeiro proxecto sectorial (non plan sectorial) de incidencia supramunicipal que se tramita para unha actividade mineira, permite compatibilizar a tipificación do solo coa instalación que se pretende (que legalmente leva implícita a declaración de interese público), garantindo a través deste instrumento de ordenación territorial que non se produce a transformación da natureza rústica do solo e que, ao mesmo, se respeta a integridade dos valores obxecto de protección.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, en su condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o


informe emitido no procedemento que se está levando a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obrigaón de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade do uso coa especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, á marxe de que os datos aportados non son homoxéneos, dado que se pretende comparar a incidencia a nivel comarcal de todo un sector económico (o vitivinicultor) cunha única unidade de produción de outro sector diferente (o mineiro), e dada a escasa incidencia superficial da explotación mineira, (que non afecta a viñedos e debe respectar todos os condicionantes ambientais, incluída a non contaminación das augas subterráneas), non se aprecian indicios para poñer, a priori, en dúbida a compatibilidade dos usos e a especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, máxime cando a afección ao terreo é temporal e existen antigas explotacións a ceo aberto recuperadas para produción de kiwis, mazás e outros cultivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

FEB 2013

3403



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 966**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“a data prevista para o inicio da construción do dique flotante nos estaleiros da ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno de Galicia sempre considerou o dique flotante solicitado polos traballadores e axentes económicos do Ferrol, unha boa idea e unha oportunidade a considerar, e así propuxo a creación dunha comisión de seguimento do dique para avaliar a posibilidade de implantación do mesmo.


Agora ben, tamén debemos recordar que a decisión final corresponde a Navantia, que é unha empresa pública de titularidade estatal sobre a que pesa un condicionamento imposto pola Unión Europea consistente en que ata o 31 de decembro do 2014 se limita a súa facturación, en actividades distintas á construción naval militar, a un 20% da súa actividade, e esta cota empregase por NAVANTIA en soste a actividade no mercado das reparacións navais e certa actividade nas fábricas de motores e turbinas, non quedando marxe para as construcións non militares de certa envergadura, polo que o financiamento por parte do estado desta infraestrutura pode ser considerada ilegal por parte da Comisión de Competencia tal e como manifestou a empresa tras unha consulta ao organismo europeo.

De todas formas, o Goberno Galego continuará colaborando co goberno do estado e coa empresa estatal para dotar de carga de traballo a comarca de Ferrol.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several fluid, overlapping loops and strokes, positioned above the printed name.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

18 FEB. 2013

Núm. 3890

RS/mc

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

15 FEB. 2013

SAIDA

Num. 272

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1013**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego do acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania, no que se exclúe a frota cefalopodeira galega nese caladoiro”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Goberno Central levan traballando xuntos dende o primeiro momento para renegociar un novo acordo que faga viable e rendible a actividade pesqueira da frota galega en Mauritania. Ambos organismos manifestaron o seu rexeitamento a este protocolo e seguen a manter contacto cos eurodeputados para facer presión en Bruxelas e evitar que este preacordo sexa aprobado definitivamente.

Cabe destacar que foi o anterior Goberno do Estado o que participou na maioría das negociacións deste acordo no que queda expulsada a frota cefalopodeira, pois recordemos que 5 das 7 roldas negociadoras tiveron lugar durante a etapa de Goberno anterior que aceptou a práctica totalidade das propostas finais. Por tanto, xa estaban negociadas cando tomou posesión o actual Goberno.


En relación ás axudas, os atrasos obedeceron a unha problemática nos trámites burocráticos que corresponde solventar ao Goberno Central e ao Instituto Social da Marina –ISM-.

Neste senso, adoptouse unha medida compensatoria para os mariñeiros e armadores afectados por esta parada á que se destinan 8,1 millóns de euros. Inicialmente estaba contemplado que os armadores cobrasen 4 meses da parada e igualouse o período compensatorio aos 6 meses para todos os afectados sen excepción. As axudas son iguais para todos os afectados pola parada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp of the Parliament of Galicia (Parlamento de Galicia) is visible, featuring the text "PARLAMENTO DE GALICIA" and "SANTIAGO DE COMPOSTELA". Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink, which appears to be "Gonzalo José Ordóñez Puime".

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1015**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre “**os motivos da demora da execución da dragaxe da ría de Foz**”, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia tivo que afrontar no caso da actuación de dragaxe do porto de Foz unha tramitación ambiental especialmente complexa e rigorosa dado que no estuario focense converxen tres catalogacións ambientais europeas: Lugar de Interese Comunitario (LIC), Zona de Especial Protección Ambiental (ZEPA) e Rede Natura.

Por tanto, as pertinentes precaucións requiridas por unha actuación neste contexto **alongaron o proceso de tramitación** previo ao inicio das obras. Así mesmo, a vontade de consenso de Portos de Galicia coa comunidade portuaria de Foz, principais beneficiarios e solicitantes desta dragaxe, derivou nunha proposta de variación do punto de vertido dos sedimentos a unha zona diferente á inicialmente elixida.

Portos de Galicia propuxo inicialmente realizar o vertido na zona de Arealonga, pero ante a solicitude dos usuarios do porto e nomeadamente o colectivo profesional, estudio a posibilidade de modificar a súa proposta para levar os sedimentos a Fondás, co propósito de que servisen para a rexeneración dos fondos. Sen embargo, a tramitación ambiental desta opción revelou que non era viable, polo que se volveu á proposta inicial de punto de vertido en Arealonga, que **é a zona na que finalmente se realizará**.

Os estudos ambientais para avaliar ambas posibilidades supuxeron tamén unha dilatación no tempo da tramitación da obra; dilatación que Portos de Galicia asumiu en aras do consenso coa comunidade portuaria.

No que respecta á partida orzamentaria destinada a tal fin, Portos de Galicia dispón dos fondos necesarios para a execución desta obra, como evidencia o feito de que se atope en proceso de licitación, cun orzamento de preto de **250.000 euros**. Este investimento sumarase ao realizado en 2011 con outra dragaxe do estuario. En total, ambas actuacións suporán unha achega de practicamente **medio millón de euros** para a mellora do calado na canle de acceso ao porto de Foz.


Como o presidente de Portos explicou recentemente ante a comunidade portuaria, os veciños e os medios de comunicación de Foz, dada a grande complexidade da dinámica mariña no estuario referido no estudio, os primeiros resultados do mesmo non foron concluíntes, polo que Portos de Galicia decidiu continuar co traballo de análise, para afondar no problema e definir unha solución.

Para concluír, Portos de Galicia non ten previsto neste momento a ampliación do número de amarres ou servizos da dársena de Foz. Actualmente Portos de Galicia ten o compromiso de axilizar e impulsar a construción ou ampliación de infraestruturas náutico recreativas sempre que veñan avaladas pola iniciativa empresarial privada. O ente público reserva os seus investimentos para o sector profesional, considerado prioritario no actual contexto económico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

5 FEB 2013

3164



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1030**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“a política prevista polo Goberno galego en relación co Plan Ferrol”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta de Galicia do pasado 24 de marzo de 2011 facéndose eco da solicitude da Comisión impulsora do Plan decidiu renovar o seu compromiso coas comarcas e ampliar o Plan ata o 2013 coa finalidade de corrixir a situación xerada polas crises e reconversións do sector público naval e mineiro.


O Plan encóntrase plenamente operativo e continúa sendo unha das prioridades estratéxicas do Goberno autonómico. Nel participan varias Consellerías da Xunta de Galicia relacionadas cos distintos sectores, coordinadas polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da oficina xestora do IGAPE e seguirá traballando para dotar as comarcas das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento, diversificar o tecido económico e industrial para converxer co resto de Galicia.

O marco xeral de axudas do IGAPE contemplará en 2013, como en anos anteriores, subvencións de maior intensidade ou tratamento preferente para as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal nas diferentes convocatorias. Respecto ás axudas ao investimento do Programa REINDUS do Ministerio de Enxería, Industria e Turismo, mantéñense as condicións de financiamento con 45,7 millóns de euros de investimento en 2013.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'G. Ordóñez', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/mc

8 FEB. 2013

3418

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAÍDA
Num.208

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1045**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a valoración do Goberno galego das consecuencias da posible autorización da explotación dun aproveitamento mineiro nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras, na comarca da Limia”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A concesión de explotación, derivada de permiso de investigación Faramontaos número 5089.1 atópase no trámite de información pública, anunciado no DOG o 17 de xaneiro de 2013. Simultaneamente, solicitáronse informes ás distintas administracións públicas para que se manifesten respecto ao proxecto presentado no ámbito das súas competencias. Entre outros organismos, solicitáronse informes aos concellos afectados e ás Direccións Xerais de Conservación da Natureza e de Producción Agraria.

O prazo aberto correspóndese co previsto na lei polo que, cabe supoñer, que o lexislador ponderou adecuadamente a amplitude do devandito prazo e a efectividade do proceso de participación pretendido, en relación cun período de tramitación dos expedientes que non debe de ser innecesariamente prolongado. Máis cando, hoxe en día, toda a información, establecida na lei, está a disposición dos cidadáns, non só nas dependencias administrativas da Consellería, senón tamén a través do portal da mesma, onde os cidadáns poden consultar e descargar a documentación. Polo tanto, non se aprecian evidencias para supoñer que as persoas afectadas non dispoñen dos datos, da información suficiente e do tempo necesario para poder realizar as aportacións que consideren oportunas.

Sobre a valoración que fai o Goberno Galego dos efectos da eventual autorización de unha actividade destas características neste lugar, e a falta dos informes sectoriais que permitan

unha manifestación rigorosa ao respecto, non é outra que a dun proxecto mineiro de similares características a outros que se veñen desenvolvendo no val da Limia e que se enmarcan na declaración de impacto ambiental marco e plan director de restauración para explotacións a ceo aberto na lagoa de Antela de febreiro de 2001.

En relación coa zona ZEPA, e a falta do informe sectorial (que, á vista da documentación presentada pola empresa, debería confirmar que as zonas de explotación propostas non se sitúan na zona de Rede Natura, nin declarada como LIC ou ZEPA), debe sinalarse que diversos estudos científicos (Lagos et al, 2009; Villarino et al, 2001) puxeron de manifesto que a actividade mineira que se ven desenvolvendo na Limia permitiu a recuperación deste lugar como lugar de invernada dunha serie de especies de aves acuáticas, que desapareceran trala desecación da lagoa de Antela.

Sinalar que a Consellería do Medio Rural e do Mar a través da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria está a elaborar o informe que se incorporará ó expediente de avaliación do impacto na actividade agraria da explotación dun dereito mineiro na comarca da Limia.

Non podemos considerar, polo tanto a priori, que resultaría negativo para esta comarca, pero cabe dicir ó respecto que o estudo de impacto ambiental valora a perda de superficie de cultivo polo cambio de uso do solo que supón a explotación, cifrándoa en 0.008% do total de superficie de cultivos do termo municipal aínda que, a falta do correspondente informe sectorial, non é conveniente emitir unha valoración ao respecto.

En canto a que se deberíamos ter como elemento principal a protección e preservación da actividade agraria, tamén se deben considerar que as actividades a desenvolver nesta comarca da Limia, xerarían beneficios económicos para a zona e nesta tesitura debemos valorar aquelas actividades que permitan aproveitar o territorio dunha maneira sostible en todo o seu potencial.

Por último, sinalar que a Consellería de Economía e Industria, como é a súa obriga, ten previsto resolver a solicitude de autorización de actividade mineira. O sentido, favorable ou desfavorable, de tal resolución, dependerá do contido dos informes sectoriais e demais achegas que se incorporen ao expediente.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTRO XERAL ENTRADA

8 FEB. 2013

3455

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 176

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1066**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **"a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Vea, no concello da Estrada"**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta ás preguntas escritas números 1067 e 1094, ás que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

8 FEB. 2013

3449

galicia



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1093**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Vea, no concello da Estrada”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta ás preguntas escritas números 1067 e 1094, ás que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

REGISTRO XERAL ENTRADA

2 FEB. 2013

3452

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	
- 7 FEB. 2013	
SAÍDA	
Num.	173

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1121**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para procurar, en colaboración cos afectados, unha solución á situación xerada tras a sentenza ditada en relación co trazado da AG-53 ao seu paso por Santa Cruz de Arrabaldo”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1120, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1122**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Ramón Vázquez Díaz, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Alimentos Lácteos, S.A.”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a colaborar con Alimentos Lácteos na busca de distintas alternativas para garantir a viabilidade da planta de Outeiro de Rei.

O obxectivo fundamental para a Goberno galego é asegurar o mantemento do emprego e da produción, así como a recollida de leite aos gandeiros. Entendemos que apoiar este tipo de proxectos supón apoiar o sector lácteo, que consideramos estratéxico. Deste modo, apostamos por este proxecto como tamén se fixo, por exemplo, pola continuidade da planta de Clesa en Caldas de Reis.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTRO XERAL ENTRA

- 8 FEB. 2013

3447

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAIDA
Num. 168

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1131**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento de iniciativas de transporte colectivo aos polígonos empresariais galegos desde os núcleos de poboación do seu contorno”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita nº 1130, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/mc

4 FEB. 2013

3165



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1152**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana B. Pontón Mondelo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1339 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 18-19/12/2012, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

2636



galicia

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1167**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do remate, antes do inicio do curso escolar 2013-2014, das obras de ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e os seus Contornos, no concello de Sada”**, (publicada no BOPG nº 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que as instalacións do CEIP Sada y sus Contornos que ocupan actualmente ao alumnado son axeitadas para o seu uso con fins educativos. Aínda así, é público e coñecido o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e OU para afrontar a ampliación deste centro educativo e, de feito, no proxecto de orzamentos para 2013 aparece consignada unha partida de 300.000 euros.


Está previsto afrontar a redacción do proxecto básico e de execución da obra de ampliación do CEIP Sada y sus Contornos e, unha vez redactado o mesmo e unha vez obtida a licenza correspondente, o seguinte paso será iniciar a tramitación de licitación da obra.

Ademais dos contactos mantidos coa comunidade educativa e co propio concello, desde o departamento educativo da Xunta de Galicia houbo xa traballos previos e, en concreto, en novembro de 2012 tívose notificación oficial do acordo plenario sobre a posta a disposición dos terreos para a ampliación do CEIP –adoptado a mediados do mes anterior-- e nos últimos dous meses do ano pasado recibíronse s resultados técnicos dos estudos topográfico e xeotécnico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADA

29 XAN. 2013

RS/ms

2635

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 XAN. 2013
SAÍDA
Num.61

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1178**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da demanda ao Goberno central da retirada do Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa”**, (publicada no BOPG nº 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1318 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 18-19/12/2012; á que nos remitimos.

Lembrar que o texto normativo proposto polo Goberno central ten carácter de lei orgánica e que o mesmo segue a súa tramitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL CITRADA

RS/mc

5 FEB. 2013

3163

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIDA
Num. 33

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1185**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre “**as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria, para o ano 2012, das subvencións destinadas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética**”, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“No diario oficial de Galicia do 14 de setembro de 2011, publicouse a Resolución do 2 de setembro de 2011 pola que se establecen ás bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvención a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011. O prazo de presentación de solicitudes foi de 2 meses, contados desde o seguinte a aquel en que se publicaron as bases no Diario Oficial de Galicia, polo que finalizou o día 15 de novembro de 2011.


A tramitación, resolución e pago de estas subvencións correu ao longo do ano 2012, consumíndose o orzamento previsto, non podendo, por tanto, proceder a unha nova convocatoria nese ano.

Para o ano actual, 2013, está prevista unha nova convocatoria de subvencións de aforro e eficiencia enerxética. Procederase en primeiro lugar á convocatoria de subvencións de aforro y eficiencia de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) dos concellos, co obxecto de apoiar a estes nun momento en que as necesidades económicas os están a afogar, cumprindo así co compromiso deste Goberno de colaboración con outras institucións para o cumprimento dos seus fins.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Gonzalo José Ordóñez Puime', written over a faint circular stamp or watermark.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1189**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **“as xestións que está levar a cabo o Goberno galego para axilizar os pagamentos das axudas pactadas aos mariñeiros galegos afectados polo remate do anterior acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Goberno Central levan traballando xuntos dende o primeiro momento para renegociar un novo acordo que faga viable e rendible a actividade pesqueira da frota galega en Mauritania. Ambos organismos manifestaron o seu rexeitamento a este protocolo e seguen a manter contacto cos eurodeputados para facer presión en Bruxelas e evitar que este preacordo sexa aprobado definitivamente.

Cabe destacar que foi o anterior Goberno do Estado o que participou na maioría das negociacións deste acordo no que queda expulsada a frota cefalopodeira, pois recordemos que 5 das 7 roldas negociadoras tiveron lugar durante a etapa de Goberno anterior que aceptou a práctica totalidade das propostas finais. Por tanto, xa estaban negociadas cando tomou posesión o actual Goberno.


En relación ás axudas, os atrasos obedeceron a unha problemática nos trámites burocráticos que corresponde solventar ao Goberno Central e ao Instituto Social da Marina –ISM-.

Neste senso, adoptouse unha medida compensatoria para os mariñeiros e armadores afectados por esta parada á que se destinan 8,1 millóns de euros. Inicialmente estaba contemplado que os armadores cobraran 4 meses da parada e igualouse o período compensatorio aos 6 meses para todos os afectados sen excepción. As axudas son iguais para todos os afectados pola parada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially overlapping with a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS". The signature is written in dark ink over the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

8 FEB. 2013

3454

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 175

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme E. Pombo Rodríguez, sobre **“a denegación polo Goberno galego das axudas referidas á ampliación do período de subsidiación do préstamo por adquisición de vivenda protexida vinculadas ao Plan de vivenda 2005-2008 no barrio de Navia, en Vigo”**, (publicada no BOPG número 14, do 12 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1203, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. 95 ..

RS/mc

5 FEB. 2013

3134

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1271**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo V. Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre “**a situación do tecido empresarial galego en relación coa implantación da Formación Profesional dual, prevista no Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa**”, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Ao longo da pasada lexislatura, a Consellería afrontou un importante traballo normativo e organizativo que contribuíu a adaptar e mellorar a Formación Profesional aos tempos actuais e á realidade socioproductiva de Galicia. As actuacións xa desenvolvidas amosan a aposta decidida da Xunta pola FP como unha ferramenta fundamental para asentar as bases do crecemento e do progreso na nosa Comunidade.

A Administración educativa galega non dubida do interese do tecido socioproductivo de Galicia pola formación e cualificación dos futuros profesionais e, de feito, o ano pasado máis de 7.900 empresas participaron no programa de Formación en Centros de Traballo (FCT).

O Goberno galego asume unha nova etapa e defende que dar nova forza ao modelo educativo de Galicia pasa por renovar a aposta pola FP e por dar novos pasos coa FP dual, de xeito que hai que afondar na relación bidireccional centro-empresa.

A publicación do RD 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, abre para Galicia novas vías que pasan por un maior achegamento da formación ás empresas, favorecendo unha formación profesional que dea resposta as necesidades dos empregadores.

Por Orde do 10 de xaneiro de 2013, pola que se autoriza un proxecto experimental de formación profesional dual do ciclo formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos no CIFP Politécnico de Santiago, en colaboración coa empresa Coremain S.L.U., implántase o primeiro proxecto de formación profesional dual en Galicia, con carácter experimental, como unha actividade formativa inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe.


Este proxecto, que amplía a oferta de formación profesional en Galicia, constituirá un referente sobre as posibilidades da Formación Profesional dual.

De acordo coa normativa estatal e autonómica vixente e coa realidade da nosa Comunidade, o Goberno galego está a dar os primeiros pasos na implantación de accións políticas para a posta en marcha de xeito progresivo dun sistema de aprendizaxe dual de FP, coparticipado entre empresas e administración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

4 FEB 2013

REPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num.105

3135

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1288**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“o rexeitamento pola Administración galega do proxecto de investimento da empresa Merkum para a produción dun autobús eléctrico”**, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón, especialmente a través do Igape, dun amplo marco de servizos para facilitar a localización do solo industrial idóneo, e dun completo marco de apoios co que pode contar calquera proxecto empresarial viable que decida implantarse na comunidade. O instituto adscrito á Consellería de Economía e Industria ofrece tamén servizos de acompañamento para a localización de aliados, se é o caso, e fai un seguimento dos procesos de implantación en Galicia de novos proxectos empresariais viables, sexan promovidos por grupos estranxeiros, ou doutros lugares de España.


O Goberno galego dispón dun amplo e variado marco de apoios, principalmente subvencións a fondo perdido, préstamos ou participación en capital de novas sociedades que impulsen novos investimentos empresariais, sexan promovidos por grupos foráneos ou por empresarios galegos que amplían ou diversifican as súas actividades.

No Igape, o organismo idóneo para apoiar á empresa, non se recibiu ningún proxecto da empresa Merkum referido á fabricación dun autobús eléctrico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTRO XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

2650



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1332**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre “**as medidas de choque previstas polo Goberno galego para inverter as cifras de desemprego nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal**”, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A principal medida para o estímulo do emprego é o compromiso de manter as axudas ao investimento nestas comarcas establecendo para a súa concesión criterios específicos que benefician aos proxectos investidores destinados ás mesmas. Debemos destacar as seguintes liñas de axudas que priorizan ás comarcas de Ferrolterra:

- Programa REINDUS do MITYC, que mantén as súas condicións de financiamento con 477 M€ para o ano 2013
- Liñas de axuda do IGAPE: Nas mesmas priorízase a localización dos proxectos nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: increméntase a porcentaxe das axudas, redúcese o investimento mínimo para acollerse a elas, e garántese unha porcentaxe sobre o total investido. Dentro destas liñas hase de salientar unha específica para estas comarcas, Re-Investe Ferrol, destinada ás pemes dos sectores de hostalería, comercio, turismo e servizos que promovan investimentos nestas comarcas.
- Fondo Xes-Impulsa Ferrol: Trátase dun fondo de capital-risco específico que pretende desenvolver e consolidar o tecido empresarial e a creación de emprego.

O sector naval, despois de anos de parálise, o peche do acordo de colaboración con Pemex para establecer unha alianza estratéxica permitirá a construción de dous floteis e a posibilidade de ampliar esta colaboración. A firma de senllos contratos co estaleiro privado Barreras e co

estaleiro público Navantia, para a construción de barcos suporá un investimento de 290 millóns de euros e permitirá dotar de carga de traballo ás dúas factorías.


O porto exterior e o compromiso co seu desenvolvemento é tamén un dos piares para a creación de emprego. O pasado ano 2012 superou os 13 millóns de toneladas, sendo o segundo de maior crecemento en España. Ademais deste crecemento continuado e sostido as súas actividades estanse a diversificar e, recentemente, outra actividade dentro desta diversificación e que colleu gran pulo este ano é a inclusión do porto ferrolán na rede científica europea

Polo que respecta á formación para o emprego, a Consellería de Traballo e Benestar continuará impartindo nas comarcas un amplo abano de accións formativas dirixidas tanto a persoas desempregadas como a traballadores ocupados que xa ten beneficiado a un elevado número de persoas. Destacamos entre estes programas pola súa especificidade 'Empreganav', orientado a reinserción laboral de traballadores do sector naval. Canto ás políticas activas de emprego, continuarase coas iniciativas de escolas obradoiro, programas de cooperación con entidades locais, medidas de apoio á contratación, aos emprendedores e ao traballo autónomo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

4 FEB. 2013

3136



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1367**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as iniciativas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a viabilidade das plantas de biocombustible galegas”**, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As iniciativas de apoio as plantas de biodiesel galegas realizadas desde a Consellería de Economía e Industria, foron:

1. Celebráronse varias reunións en Madrid entre o director xeral de Industria, Enerxía e Minas e o director general de Política Energética y Minas, nas que se fixo unha exposición da problemática asociada as plantas galegas como consecuencia da importación de biodiesel de terceiros países e formuláronse alegacións, defendendo a produción das plantas galegas.
2. Así mesmo, contestáronse no período de alegacións todas as propostas normativas que se promoven desde o Goberno do Estado.
3. Fixéronse xestións coa refinería de Repsol na Coruña para promocionar a utilización do biodiesel fabricado en plantas galegas.
4. Na Orde IET/2736/2012, do 20 de decembro, dise que a asignación anual de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento das obrigacións de biocarburantes é independente da ubicación xeográfica das plantas de biodiesel.


Por este motivo, vanse manter novas reunións coa Secretaría de Estado de Enerxía para solicitar que á hora de adxudicar cantidades de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, se teñan en conta unha serie de indicadores obxectivos que eviten calquera tipo de discrecionalidade. En concreto, se debería dar prioridade, entre outros, a criterios como a seguridade da subministración, a trazabilidade do produto ou a reciclaxe de residuos locais para xerar biocarburantes.

Posto que a produción destas fábricas compite nun mercado global sometido ás leis da oferta e da demanda, a Xunta de Galicia velará para que estas empresas podan acceder aos mercados nunhas condición de xusta competencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións~~ Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The signature is fluid and cursive, starting with a large 'G' and ending with a long horizontal stroke. The stamp is partially obscured by the signature.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAIDA
Num. 178

RS/ms

8 FEB. 2013

3457

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **núm.: 1402**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“a actuación do Instituto Enerxético Galego en relación co borrador do Real decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas da modalidade de subministración de enerxía eléctrica con balance neto”**, (publicada no BOPG núm.: 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:


“Tal e como se indicou na resposta á pregunta parlamentaria formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o 02/05/2012 (núm. rexistro 81736) sobre este mesmo tema, así como se indica na resposta á pregunta parlamentaria formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o 12/12/2012 (núm. rexistro 1404), a Consellería de Economía e Industria formulou alegacións en decembro de 2011 ao proxecto de Real Decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas da modalidade de subministro de enerxía eléctrica con balance neto.

Fixéronse achegas en cuestións tan relevantes como o Plan de substitución de contadores, Peaxes de acceso ou limitación de potencia a 100 kW, entre outras, polo que é evidente que a Consellería de Economía e Industria, e dentro dela o Inega, tiñan opinión formada sobre o texto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'G' followed by a series of loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime



RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADAS
8 FEB 2013



3441

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1410**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **“o prazo estimado pola Consellería de Sanidade para a entrada en funcionamento dos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo”**, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“A sala de hemodinámica do HULA estará en funcionamento antes do verán, toda vez que se aproben os criterios técnicos de calidade e seguridade para estes servizos propostos polo Grupo de Traballo do Consello Interterritorial do SNS. En Galicia dispoñemos do programa PROGALIAM para a atención ao infarto agudo de miocardio, que funciona en rede en toda a Comunidade Autónoma. É un dos mellores de España cuns resultados óptimos e del beneficianse todos os pacientes da nosa Comunidade Autónoma.

Respecto dos outros servizos o Consello Interterritorial ten constituídos grupos de traballo que están elaborando os criterios a seguir para que a calidade e seguridade estean garantizadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains a central emblem, likely the coat of arms of Galicia, surrounded by text that is partially obscured by the signature. The signature is fluid and extends across the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTRO XERAL ENTRADA

RS/ms

8 FEB. 2013

3456



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **núm.: 1420**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego a prol das instalacións de produción de enerxía eléctrica para autoconsumo, baseadas en tecnoloxía aeroxeradora de menor potencia”**, (publicada no BOPG núm.: 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera fundamental o fomento das enerxías renovables, polos grandes beneficios asociados ao seu aproveitamento (económicos, sociais, ambientais). Dentro das tecnoloxías renovables inclúese a denominada tecnoloxía minieólica, con potencias de aeroxeradores de ata 100 kW.

Actualmente existe un escaso aproveitamento actual desta fonte enerxética que, tal e como se indicou na resposta á pregunta parlamentaria formulada polo Grupo Parlamentario Socialista o 02/05/2012, queda reflectida no escaso número de instalacións deste tipo existentes en Galicia.

Neste sentido, o Goberno galego leva a cabo diversas actuacións co fin de fomentar o desenvolvemento tecnolóxico que permita unha significativa redución de custos que, nos vindeiros anos, faga máis viable este tipo de instalacións.

Existen zonas nas que o aproveitamento minieólico pode ter, na actualidade e no futuro, potencial, e co obxectivo de potenciar a utilización desta fonte autóctona, entre as

medidas que xa na actualidade se están a desenvolver, ou incluso xa se levaron a cabo, atópanse as seguintes:


- Axudas a fondo perdido a proxectos de enerxía minieólica, sempre que conten cun 25% de potencia fotovoltaica (requirimento debido á orixe dos fondos, FEDER 2007-2013), nas convocatorias anuais de axudas a proxectos de enerxías renovables xestionadas polo Instituto Enerxético de Galicia.

Elaboración dun estudo técnico sobre a enerxía minieólica, que ten por obxectivo a determinación do potencial real dos portos galegos para a instalación deste tipo de tecnoloxía detectando as posibles barreiras que esta tecnoloxía pode ter para o seu desenvolvemento, fundamentalmente as de viabilidade económica tendo en conta o prezo de venda da enerxía e a tramitación administrativa. O Inega, IDAE e Portos de Galicia asinaron un Convenio para tal fin, achegando 27.500 € cada un dos dous primeiros organismos para este estudo, así como recursos técnicos para o desenvolvemento do mesmo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE INICIATIVAS

RS/mc

5 FEB. 2013

3146



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1440**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don David Fernández Calviño, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para a instalación na estrada AC-214 do paso de peóns solicitado polos veciños do concello de Cambre**”, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2009 a Asociación de Veciños de Pravío e Cela solicitou ao concello de Cambre que tramitase a petición de pintado de tres pasos de peóns na estrada AC-214, nos p.k. 4+010, 4+400 e 4+695. Esta solicitude foille remitida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Coruña realizou un informe no que se recollía que eses pasos de peóns non cumprían todas as condicións para ser autorizables segundo a OC 1/2008.


Aínda que os datos facilitados na iniciativa parlamentaria non permiten deducir se se está a falar da instalación dun paso de peóns nalgún dos puntos quilométricos anteditos, o proxecto que, segundo se afirma, ía enviar o concello, non foi recibido na Axencia Galega de Infraestruturas, sen que exista tampouco constancia do compromiso de instalación dun paso de peóns, tal e como se afirma no texto da iniciativa. Porén, dado que unha das prioridades en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia é a seguridade viaria, a instalación do paso de peóns ao que se fai referencia valorarase técnica e economicamente no caso de que o concello remite o

proxecto á Axencia Galega de Infraestruturas, circunstancia que no momento de elaborar esta resposta non ten acontecido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a stylized emblem, possibly the coat of arms of Galicia. The signature is fluid and extends across the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Parlamento de Galicia
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

4 FEB 2013

3138

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1466**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre “**o plan industrial que vai desenvolver a Consellería de Economía e Industria para a plataforma loxística e industrial Salvaterra-As Neves, PLISAN**”, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta plataforma loxística terá un papel primordial na estratexia de planificación industrial da Consellería de Economía e Industria que seguirá facendo un esforzo na súa potenciación, aprobando o Plan Director da Industria de Galicia, que conterá un Mapa industrial coas infraestruturas de apoio necesarias para o seu desenvolvemento onde plataformas loxísticas como a PLISAN destacarán tanto como nodos intermodais fundamentais como pola súa capacidade acolledora de empresas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **núm.: 1473**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as mais, sobre **“as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo parlamentario referido ao VI Plan galego para a igualdade de mulleres e homes”**, (publicada no BOPG núm.: 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 31, do 15 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No mes de febreiro de 2012 comenzaron os traballos de elaboración do VI Plan, unha vez avaliado o plan anterior con vixencia 2007/2010.

Os traballos de elaboración do VI Plan tiveron lugar entre os meses de marzo a xuño de 2012, manténdose reunións con todos os departamentos da Xunta de Galicia.

No mes de xullo de 2012 procedeuse a redación do documento e estivo a consulta pública na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade dende o día 7 de agosto ata o 7 de setembro de 2012.

Con motivo de terse disolto o Parlamento de Galicia por mor das eleccións autonómicas, e co obxecto de non demorar os traballos que faltaban para poder proceder a súa publicación, continuouse a traballar.

A obriga de remitilo ao Parlamento viña dada pola dita Resolución nº 48 aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, na anterior lexislatura. Non existe previsión legal algunha que estableza a obrigatoriedade de ter que remitir ao Parlamento de Galicia para


PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
25 XAN. 2013
Núm. 2530

a súa aprobación o Plan de igualdade, e toda vez que era un compromiso da anterior lexislatura.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1497**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitarlles aos gandeiros o pagamento por sobreproducción de cota láctea na campaña 1996-1997”**, (publicada no BOPG número 18, do 19 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A produción de leite na UE, como é coñecido, está acoutada e cando un estado membro supera en entregas as cantidades de referencia dispoñibles, incorre en sobreproducción e, polo tanto, en **supertaxa**.

O concepto está regulado no R (CEE) 3950/ 92, e para o período 96/97 a norma nacional vixente era o R.D. 324/1994 do 28 de febreiro.


O organismo competente na materia é o FEGA, co que mantemos contactos continuos por estes e outros asuntos relacionados co sector agrario. Neste caso a reclamación prodúcese esgotados os recursos administrativos e xudiciais por parte das empresas compradoras. Esta circunstancia xa foi posta en coñecemento dos produtores o día 12 de decembro de 2012, sendo tamén informados da veracidade da débeda.

A Administración podería cometer unha grave ilegalidade se decide axudar aos produtores que se sobrepasaron nas súas entregas e que teñen que facer fronte ao pagamento da taxa láctea. Ademais, entendemos que esta tese sería inxusta para con o resto de produtores aos que non se lles imputou a taxa láctea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text "GOVERNAMENTO DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS".

Gonzalo José Ordóñez Puime





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 526**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a valoración do Goberno galego das posibles consecuencias da aprobación polo Goberno central do Proxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre sinalar que a regulación das taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional é competencia exclusiva do Estado, ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.5º, 6º e 14º da Constitución Española.

Neste marco as Cortes Xerais veñen de aprobar a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulamentan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, xa en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado 21 de novembro de 2012.

A referida norma estatal amplía o ámbito subxectivo e obxectivo das taxas xudiciais regulamentadas no seu día pola Lei 53/2002, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social. E forma parte dun conxunto de reformas estruturais impulsadas polo Goberno de España para modernizar o sistema xudicial no seu conxunto.

Segundo ten indicado o Ministerio de Xustiza, a lei persegue reducir os niveis de litixiosidade, con mecanismos para evitar un uso desproporcionado da xustiza, baixo pautas de responsabilidade social, axilidade e máxima eficacia no funcionamento da xustiza.

Esta reivindicación é compartida dende hai anos por múltiples operadores xudiciais e tamén foi defendida polo anterior executivo central no seu proxecto de Lei de Medidas de Axilización Procesual, cuxa exposición de motivos sinalaba *‘O aumento da litixiosidade é indicativo da confianza que os cidadáns depositan na xustiza, pero pon de manifesto a necesidade de introducir profundas reformas para asegurar a sostibilidade do sistema e garantir un servizo público de calidade’*. O devandito proxecto establecía, entre outras, medidas para restrinxir as posibilidades de recurso é revisión, impondo ademais novas vías de recadación de ingresos.

En efecto, o artigo 119 da Constitución Española establece que *‘a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar’*.

Precisamente, un dos obxectivos centrais da reforma é contribuír ao financiamento do servizo de xustiza gratuíta, que en 2011 atendeu a máis de dous millóns de persoas no conxunto do territorio nacional e que ten experimentado un progresivo incremento no volume de recursos necesarios para a súa cobertura.

A Lei de Taxas non prevé o pago de ningunha taxa na vía penal e conta con varias exencións nos procesos civís: os procesos de capacidade, filiación e menores, así como os de garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos. Ademais, quedarán exentas de pago todas aquelas persoas que acrediten dispor de escasos recursos económicos.


As vítimas de violencia de xénero e de maltrato infantil non só quedarán exentas do pago de calquera taxa senón que, ademais, pasarán a ser beneficiarias directas da quenda de oficio, polo que tampouco asumirán custo algún polo servizo de avogado/a e procurador/a.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia

Cómpre sinalar que o sistema prevé a recuperación do pagado coas taxas se os tribunais acaban dando a razón a quen iniciou o procedemento, porque estarán incluídas na correspondente taxación en costas. É dicir, a taxa será reintegrable xa que no suposto de sentenza favorable será devolta e, polo tanto, será o litigante ao que a xustiza non lle dea a razón quen finalmente teña a obriga do seu pagamento.

Por último, e a pesares de que a lexislación establece a posibilidade para as Comunidades Autónomas de establecer taxas complementarias polo uso dos medios materiais de titularidade autonómica, a Xunta de Galicia non prevé iniciativa algunha ao respecto, como si o están a facer outras comunidades como Cataluña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

5 FEB. 2013

3169

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 139

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1488**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“o endebedamento actual da Xunta de Galicia cos profesionais que prestan asistencia xurídica nas diferentes quendas de oficio, e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“De conformidade co previsto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de Asistencia Xurídica Gratuíta, así como no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia (modificado polo Decreto 138/2012), en particular no seu artigo 44, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, os colexios de avogados/as e procuradores/as deberán remitir á Dirección Xeral de Xustiza:

Unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período nas que exista recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Datos de actuacións anteriores cuxo recoñecemento expreso do dereito se concedese nese último trimestre.

En función das devanditas certificacións, a Administración autonómica efectúa os libramentos trimestrais que correspondan.

Na actualidade, a Xunta de Galicia xa realizou a totalidade dos pagamentos correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2012, estando á espera neste mes de xaneiro de 2013 das

certificacións que os colexios remitan respecto das actuacións realizadas no derradeiro trimestre do exercicio 2012.


Unha vez sexan presentadas estas últimas procederase ao seu pagamento, de acordo co establecido na Orde do 2 de agosto de 2012.

En conclusión, nestes momentos a Xunta de Galicia non adebeda ningunha contía polas diferentes quendas de oficio, atopándose ao día nos pagos, por canto de conformidade co sistema de certificacións e pagamento regulado na normativa de aplicación está aboado o terceiro trimestre de 2012. O derradeiro trimestre de 2012 será certificado e consecuentemente aboado no ano 2013.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The signature is fluid and cursive, starting with a large 'G' and ending with a long horizontal stroke. The stamp is partially obscured by the signature.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAIDA
Num.183....

RS/mc

8 FEB 2013

3461

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 682**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“o estado de tramitación do proxecto de aproveitamento hidroeléctrico reversible que precisa o transvasamento de auga desde o encoro das Conchas, no río Limia, ata o encoro do río Salas, a existencia dalgún informe referido aos posibles efectos neste da contaminación por cianobacteria que padece o encoro das Conchas, así como as medidas previstas para evitar esta actuación”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 683, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

CEPRESIDENCIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 186

RS/mc

8 FEB. 2013

3464

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 878**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme E. Pombo Rodríguez, sobre **“as actuacións e medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para garantir o acceso a unha vivenda digna a aquelas persoas que perdan a súa vivenda habitual, por non poder afrontar o pagamento da súa hipoteca ou alugueiro, así como as xestións previstas diante do Goberno central para a transferencia da titularidade das vivendas das entidades financeiras que operan en Galicia, unha vez adquiridas pola Sareb.”**, (publicada no BOPG número 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 879, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

8 FEB 2013

3425

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 931**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu, e varios/as deputados/as máis sobre **“os cambios que demanda o Goberno galego na tramitación do Plan xeral de ordenación urbanística da Coruña, a súa fundamentación e a posición do concello ao respecto, así como a data definitiva de aprobación”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non demandou ningún cambio no documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) da Coruña, senón que requiriu ao concello, o 10 de setembro de 2012, para que completase a documentación do expediente achegando unha serie de informes, oficios e documentos preceptivos para acadar a aprobación definitiva. O requirimento baséase no establecido no artigo 85.7 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que establece a obriga de examinar a documentación presentada, co fin de comprobar a integridade documental do plan e do expediente, así como as actuacións administrativas realizadas.

O prazo para resolver sobre a aprobación definitiva do PXOM é de 3 meses desde a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'G' followed by a series of loops and a final horizontal stroke.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/mc

8 FEB 2013

3463



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1018**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme E. Pombo Rodríguez e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para a recepción da parcela cedida polo Concello de Noia para a construción de vivendas de promoción pública, así como a inclusión desta actuación na súa programación para o ano 2012”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1019, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAIDA
Num. 190 ..

RS/mc

8 FEB. 2013

3468

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1037**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver o problema da detección de arsénico no abastecemento de auga das vivendas de promoción pública do poboado mineiro de Fontao, no Concello de Vila de Cruces e, nomeadamente, o inicio das obras de conexión destas coa rede de abastecemento municipal”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1039, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/mc

8 FEB. 2013

3467



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1065**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Vea, no concello da Estrada, e as razóns da demora do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta ás preguntas escritas números 1067 e 1094, ás que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

8 FEB. 2013

RS/mc

3466

galicia

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 188

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1092**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **"a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Vea, no concello da Estrada, e as razóns da demora do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto"**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviallle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta ás preguntas escritas números 1067 e 1094, ás que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

4 FEB. 2013

3146

PRESEIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. 116 ..

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 1098**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, sobre **“a situación do proxecto para a instalación dun paso de peóns na estrada AC-214, nas inmediacións da igrexa de Pravio, no concello de Cambre, e o prazo previsto para o remate das obras”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“No ano 2009 a Asociación de Veciños de Pravío e Cela solicitou ao concello de Cambre que tramitase a petición de pintado de tres pasos de peóns na estrada AC-214, nos p.k. 4+010, 4+400 e 4+695. Esta solicitude foille remitida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Coruña realizou un informe no que se recollía que eses pasos de peóns non cumprían todas as condicións para ser autorizables segundo a OC 1/2008.

Aínda que os datos facilitados na iniciativa parlamentaria non permiten deducir se se está a falar da instalación dun paso de peóns nalgún dos puntos quilométricos anteditos, o proxecto que, segundo se afirma, ía enviar o concello, non foi recibido na Axencia Galega de Infraestruturas, sen que exista tampouco constancia do compromiso de instalación dun paso de peóns, tal e como se afirma no texto da iniciativa. Porén, dado que unha das prioridades en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia é a seguridade viaria, a instalación do paso de peóns ao que se fai referencia valorarase técnica e economicamente no caso de que o concello remite o proxecto á Axencia Galega de Infraestruturas, circunstancia que no momento de elaborar esta resposta non ten acontecido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a dark, textured square in the center. The signature is fluid and extends across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 184

RS/mc

8 FEB. 2013

3462

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1119**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **"a avaliación do Goberno galego das consecuencias da sentenza ditada en relación co trazado da AG-53 ao seu paso por Santa Cruz de Arrabaldo e as actuacións levadas a cabo para promover algún acordo cos demandantes, así como as alternativas que propón para solucionar a situación xerada"**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1120, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 FEB. 2013
SAÍDA
Num. / 80

RS/mc

8 FEB. 2013

3458

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1128**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento de iniciativas de transporte colectivo aos polígonos empresariais galegos dende os núcleos de poboación do seu contorno e os impedimentos que hai, así como o estado no que se atopa o plan de aparcadoiros disuasorios”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1130, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

9 FEB 2013

3175

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAÍDA
Num. / 44

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“a valoración do Goberno galego das medidas que se están a adoptar en relación coa situación provocada pola concentración de cianobacterias tóxicas no encoro das Conchas, no río Limia, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para solucionar o problema de xeito definitivo e recuperar o estado orixinal das augas e do seu contorno”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Administración hidráulica de Galicia non ten atribucións nesta materia no ámbito territorial ao que se refire esta iniciativa, tratándose dunha competencia estatal, exercida a través da Confederación Hidrográfica do Miño Sil.


Con todo, a entidade pública empresarial Augas de Galicia asistiu a unha xuntanza conxunta con todos os afectados á que foi convocada. Nela expuxo a solución que, no seu ámbito territorial, se está a levar a cabo no encoro de Caldas de Reis e puxo en coñecemento da citada Confederación os datos que se coñecían ata o momento en canto as conclusións provisionais e ás previsións de resultados futuros da súa eficacia, aínda tendo en conta que as circunstancias e características de ambos encoros sexan moi diferentes. Na mesma xuntanza, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño Sil informouse de diversas medidas que se están a adoptar e das propostas coa finalidade de abordar a problemática e velar polo cumprimento da Directiva marco da auga.

Por último, cómpre sinalar que, no marco da competencia da Xunta de Galicia en materia de execución de obras hidráulicas, desde o 2009 ata a actualidade licitáronse actuacións con obras de saneamento e depuración por un importe de un millón de euros, en concellos da bacía hidrográfica de achega ao encoro das Conchas. E no pasado ano licitáronse, neste senso, novas actuacións por importe próximo aos 400.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1197**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Cantón Sánchez García, sobre **“a realización de desafiuzamentos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo”**, (publicada no BOPG nº 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego da Vivenda e Solo non está a realizar desafiuzamentos de vivendas que se atopen ocupadas. Unicamente está a recuperar vivendas de promoción pública nas que non mora ninguén, co obxectivo de que as mesmas se destinen ao fin social para o que foron construídas.

En determinados casos a recuperación das vivendas abandonadas só é posible legalmente a través dun expediente de desafiuzamento sen lanzamento, xa que as vivendas están baleiras e abandonadas. Probablemente a publicación dos ditos expedientes no Diario Oficial de Galicia está na orixe de informacións sen contrastar aparecidas a este respecto nalgún medio de comunicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADAS

7 FEB 2013

RS/mc

3465



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme E. Pombo Rodríguez, sobre **“a denegación polo Goberno galego das axudas referidas á ampliación do período de subsidiación do préstamo por adquisición de vivenda protexida vinculadas ao Plan de vivenda 2005-2008 no barrio de Navia, en Vigo”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 1203, á que nos remitimos.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1217**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego para a aplicación, ás traídas veciñais e captacións de auga particulares, do canon da auga e do coeficiente de vertedura introducidos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, así como no decreto que a desenvolve”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“O obxectivo da Lei 9/2010, de augas de Galicia é dispoñer dun bo estado ecolóxico das augas, así como asegurar a dispoñibilidade deste recurso esencial para a vida en condicións adecuadas de calidade e cantidade. A tal fin o citado instrumento legal establece as ferramentas pola que se crea un novo marco normativo e organizativo, apoiado mediante a creación dos instrumentos financeiros necesarios para a súa consecución, en cumprimento do principio de recuperación de custes que propugna a Directiva Marco da Auga.

A Lei 9/2010 prevé unha bonificación dun 90% para aqueles usuarios que se abastezan de pozos particulares e traídas veciñais legalmente constituídas, como consideración polo esforzo que tiveron que dedicar ao seu auto abastecemento. A mesma lei dispón que en caso de que resulte antieconómico, non se recadará o canon da auga. Isto é así para traídas veciñais e pozos particulares, que, de feito, xa non están a pagar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias.

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially obscured by a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS".

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 156.3 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á recualificación a seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

- **Doc. núm. 1295**, sobre o número de vítimas mortais e as deficiencias en materia de seguridade vial que presenta o corredor do Morrazo, así como as previsións do Goberno galego en relación coa execucion do seu desdobramento.

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 21/02/2013 16:16:52

Raúl Fernández Fernández na data 21/02/2013 16:16:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/02/2013 16:17:07

José Antonio Sánchez Bugallo na data 21/02/2013 16:17:13



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3147

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. 117

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 1441**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda a iniciativa de don David Fernández Calviño, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a instalación na estrada AC-214 do paso de peóns solicitado polos veciños do concello de Cambre”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“No ano 2009 a Asociación de Veciños de Pravío e Cela solicitou ao concello de Cambre que tramitase a petición de pintado de tres pasos de peóns na estrada AC-214, nos p.k. 4+010, 4+400 e 4+695. Esta solicitude foille remitida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Coruña realizou un informe no que se recollía que eses pasos de peóns non cumprían todas as condicións para ser autorizables segundo a OC 1/2008.

Aínda que os datos facilitados na iniciativa parlamentaria non permiten deducir se se está a falar da instalación dun paso de peóns nalgún dos puntos quilométricos anteditos, o proxecto que, segundo se afirma, ía enviar o concello, non foi recibido na Axencia Galega de Infraestruturas, sen que exista tampouco constancia do compromiso de instalación dun paso de peóns, tal e como se afirma no texto da iniciativa. Porén, dado que unha das prioridades en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia é a seguridade viaria, a instalación do paso de peóns ao que se fai referencia valorarase técnica e economicamente no caso de que o concello remite o proxecto á Axencia Galega de Infraestruturas, circunstancia que no momento de elaborar esta resposta non ten acontecido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'G. J. Ordóñez Puime', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar e Abel Losada Alvarez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 156.3 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á recualificación a seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

- **Doc. núm. 608**, sobre a actuación levada a cabo polo Goberno galego para resolver o problema das persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes e das obrigas subordinadas das entidades financeiras, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas por estas na vía da arbitrase a través do Instituto Galego de Consumo.
- **Doc. núm. 661**, sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego e as súas novas medidas postas en marcha para evitar e resolver o problema dos desafiuzamentos, así como as súas previsións respecto do restablecemento do seguro de pagamentos.

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2013

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

Abel Losada Alvarez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 21/02/2013 16:11:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/02/2013 16:11:37



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

TRÁXER ENTRADA

29 XAN. 2013

2633

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 XAN. 2013
SAIDA
Num.

galicia

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 513**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para garantirles ás familias o dereito de acceso ao servizo de comedor nos centros públicos de ensino do concello de Oleiros e, nomeadamente, no Colexio de Educación Infantil e Primaria da Rabadeira”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Consellería, conforme coa legalidade vixente, concedeu a correspondente praza de comedor a todos/as os/as alumnos/as desde centro que o reclamaron e que tiñan dereito á mesma. As normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus pais.

Así todos/as os/as alumnos/as que utilizan o comedor escolar deste centro de Oleiros son usuario/as de pleno dereito. Para isto, non houbo que adoptar ningunha medida especial, simplemente houbo que aplicar a normativa, concretada para a situación orzamentaria existente no actual curso 2012-2013 pola Instrución 1/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, tal e como se esixe regulamentariamente.

En materia de comedores escolares, de acordo coa normativa autonómica vixente e en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, corresponde á Administración educativa autorizar o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, sempre garantindo que haberá marxe para atender aqueles casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

Neste punto, hai que lembrar que, no suposto de existiren máis peticións de admisión que prazas autorizadas, a normativa prevé unha orde de prelación no acceso ao comedor. Ao respecto, hai que sinalar que, no caso que nos ocupa, esta orde de prelación cumpriuse escrupulosamente, xa que as normas xurídicas están por enriba de decisións de pura xestión interna, como é o caso da fixación de prazos de petición de admisión fixadas polo centro escolar.

As prazas autorizadas pola Administración educativa non se determinan en función do aforo do local, senón en función da capacidade, certa e concretada a cada curso escolar, de poder asumir os custes derivados do mantemento e desenvolvemento das mesmas. Así mesmo, as normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus proxenitores.

Por outra parte, hai que por de manifesto que o Consello Escolar de cada centro de ensino é o órgano competente para a adxudicación das prazas do comedor en primeira instancia, pero que as súas decisións non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de revisión pola Administración educativa, mediante recurso de alzada a resolver pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda.

Esta situación produciuse, nun primeiro momento, a partir da presentación dun recurso de alzada polos pais do neno excluído do comedor do CEIP de A Rabadeira e, en datas posteriores, tamén se recibiron outros dous recursos de alzada e seis reclamacións, que foron paulatinamente respondidas.

Os recursos contra o proceso de admisión ao comedor desenvolvido polo Consello Escolar do centro foron interpostos e resoltos de conformidade cos requirimentos ao respecto esixidos pola vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así pois, a partir da revisión orixinada polas reclamacións, a Consellería creou as prazas requiridas trala resolución favorable de dous recursos de alzada e catro reclamacións formuladas por pais cuxos fillos son transportados lexítimos e, polo tanto, de acordo coa



prazo interno de xestión fixado polo centro escolar para a recepción das solicitudes de admisión. E tamén foi atendido outro recurso de alzada interposto polo pai dun alumno, cuxa solicitude de admisión foi enviada por FAX sen que o Consello Escolar de A Rabadeira a considerara no seu momento.

A creación destas prazas realizouse como consecuencia da decisión da Consellería de facer o esforzo económico de aumentar o número máximo de comensais autorizados naqueles centros educativos galegos nos que, de acordo co previsto na normativa en vigor, houbera que atender casos de usuarios lexítimos de transporte escolar como usuarios preferentes de comedor.

Por último, sinalar que o Consello Escolar presentou a súa dimisión poucos días antes da súa obrigada renovación por metade prevista regulamentariamente. De inmediato constituíuse un novo Consello Escolar, trala elección dos seus membros elixibles e o correspondente nomeamento dos que son designados pola Consellería, co que en ningún momento, dada a celeridade do proceso acometido, houbo baleiro de poder no centro e non se viu afectado o normal e axeitado desenvolvemento das súas actividades."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

29 XAN. 2013

SAIDA

Num. 57

galicia

RS/ms

29 XAN 2013

2631

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez y José Luis Méndez Romeu, sobre **“a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto dun recurso presentado por un alumno excluído do servizo de comedor do colexio da Rabadeira, no concello de Oleiros, as razóns que impiden a súa ampliación a todos os solicitantes, así como o prazo previsto para a restauración do normal funcionamento dos órganos do centro”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que a Consellería, conforme coa legalidade vixente, concedeu a correspondente praza de comedor a todos/as os/as alumnos/as desde centro que o reclamaron e que tiñan dereito á mesma. As normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíble discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus pais.

Así todos/as os/as alumnos/as que utilizan o comedor escolar deste centro de Oleiros son usuario/as de pleno dereito. Para isto, non houbo que adoptar ningunha medida especial, simplemente houbo que aplicar a normativa, concretada para a situación orzamentaria existente no actual curso 2012-2013 pola Instrución 1/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, tal e como se esixe regulamentariamente.

En materia de comedores escolares, de acordo coa normativa autonómica vixente e en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, corresponde á Administración educativa autorizar o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, sempre garantindo que haberá marxe para atender aqueles casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

Neste punto, hai que lembrar que, no suposto de existiren máis peticións de admisión que prazas autorizadas, a normativa prevé unha orde de prelación no acceso ao comedor. Ao respecto, hai que sinalar que, no caso que nos ocupa, esta orde de prelación cumpriuse escrupulosamente, xa que as normas xurídicas están por enriba de decisións de pura xestión interna, como é o caso da fixación de prazos de petición de admisión fixadas polo centro escolar.

As prazas autorizadas pola Administración educativa non se determinan en función do aforo do local, senón en función da capacidade, certa e concretada a cada curso escolar, de poder asumir os custes derivados do mantemento e desenvolvemento das mesmas. Así mesmo, as normas xurídicas son iguais para todos, con independencia das súas condicións particulares, de xeito que resulta inadmisíbel discriminar a un neno con dereito lexítimo ao transporte e ao comedor pola condición dos seus proxenitores.

Por outra parte, hai que por de manifesto que o Consello Escolar de cada centro de ensino é o órgano competente para a adxudicación das prazas do comedor en primeira instancia, pero que as súas decisións non esgotan a vía administrativa e son susceptibles de revisión pola Administración educativa, mediante recurso de alzada a resolver pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda.

Esta situación produciuse, nun primeiro momento, a partir da presentación dun recurso de alzada polos pais do neno excluído do comedor do CEIP de A Rabadeira e, en datas posteriores, tamén se recibiron outros dous recursos de alzada e seis reclamacións, que foron paulatinamente respondidas

Os recursos contra o proceso de admisión ao comedor desenvolvido polo Consello Escolar do centro foron interpostos e resoltos de conformidade cos requirimentos ao respecto esixidos pola vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así pois, a partir da revisión orixinada polas reclamacións, a Consellería creou as prazas requiridas trala resolución favorable de dous recursos de alzada e catro reclamacións formuladas por pais cuxos fillos son transportados lexítimos e, polo tanto, de acordo coa normativa de aplicación, usuarios preferentes do comedor escolar, con independencia do



prazo interno de xestión fixado polo centro escolar para a recepción das solicitudes de admisión. E tamén foi atendido outro recurso de alzada interposto polo pai dun alumno, cuxa solicitude de admisión foi enviada por FAX sen que o Consello Escolar de A Rabadeira a considerara no seu momento.

A creación destas prazas realizouse como consecuencia da decisión da Consellería de facer o esforzo económico de aumentar o número máximo de comensais autorizados naqueles centros educativos galegos nos que, de acordo co previsto na normativa en vigor, houbera que atender casos de usuarios lexítimos de transporte escolar como usuarios preferentes de comedor.

Por último, sinalar que o Consello Escolar presentou a súa dimisión poucos días antes da súa obrigada renovación por metade prevista regulamentariamente. De inmediato constituíuse un novo Consello Escolar, trala elección dos seus membros elixibles e o correspondente nomeamento dos que son designados pola Consellería, co que en ningún momento, dada a celeridade do proceso acometido, houbo baleiro de poder no centro e non se viu afectado o normal e axeitado desenvolvemento das súas actividades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 837**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o xuízo que se vai celebrar o día 30 de novembro de 2012 nos xulgados da Coruña con motivo dunha denuncia presentada contra o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística”**, (publicada no BOPG nº 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), departamento dependente da Consellería de Cultura, Educación e OU, manifesta o seu respecto á sentenza do Xulgado de Instrución 1 da Coruña e destaca a confianza absoluta en que a xustiza sempre realiza o seu deber de cumprir e facer cumprir a Constitución e as leis.

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial dispón no seu artigo 7.3 que os xulgados e os tribunais protexerán os dereitos e intereses lexítimos, tanto individuais coma colectivos, sen que en ningún caso se poida producir indefensión. Por outra banda, o artigo 12.1 desta norma dispón que ‘no exercicio da potestade xurisdiccional, os xuíces e maxistrados son independentes respecto a todos os órganos xudiciais e de goberno do poder xudicial.

Ademais do anterior, esta Secretaría Xeral está a traballar para proporcionar ao sistema xudicial e xurisdiccional galego ferramentas e recursos que faciliten e melloren a protección dos dereitos lingüísticos tanto dos traballadores da xustiza en Galicia como dos cidadáns.

Á SXPL cónstalle que todos os órganos e os integrantes do poder xudicial coñecen e cumpren coa súa función tal e como llela atribúe a vixente Constitución española de 1978



que, no seu artigo 9, establece que 'os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico e ratifícase, no que atinxe a xuíces e tribunais, no seu artigo 177; así como a Lei orgánica 6/1985, cando nos seus artigo 1º e 5ª establece que *'A Xustiza emana do pobo e adminístrase no nome do rei por xuíces e maxistrados integrantes do Poder Xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente á Constitución e ao imperio da Lei'* e *'A Constitución é a norma suprema do ordenamento xurídico, e vincula a todos os xuíces e tribunais, que interpretarán e aplicarán as leis e os regulamentos segundo os preceptos e principios constitucionais...'*.

Polo que respecta ao acatamento das normas que regulan a toponimia de Galicia, o cumprimento destas normas é continuamente ratificado polos órganos xudiciais, como por exemplo, polo Tribunal Supremo, na Sentenza da Sala Terceira, Sección Oitava, do 12 de xuño de 2009, cando recolle que *'a rotundidade das normas designa como única forma oficial A Coruña'*. Así, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística; o Decreto da Xunta de Galicia 146/1984, do 27 de setembro; a Lei 2/1998, do 3 de marzo, sobre cambio de denominación das provincias da Coruña e Ourense e as sentenzas desta Sala do 25 de setembro de 2000 e do 5 de xullo de 2006 (rec. 7249/94 e 1119/04)".

A SXPL respecta o dereito de todos os cidadáns a recorrer á xustiza para defender os seus dereitos

O caso concreto a que se refire a deputada ten que ver cun proceso xudicial por inxurias entre dous particulares. Os dous someteron as súas actuación ao imperio da Lei, e nin a SXPL nin ningún outro organismo público debe interferir neste proceso xudicial.

A Secretaría Xeral non realiza xestións con denunciante particulares ningúns e menos no caso de procesos xudiciais abertos por *'inxurias'*, que non ten ningunha relación co fomento e a difusión da lingua galega."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

25 XAN. 2013

Núm.

2547

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

25 XAN. 2013

Num. **2548**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

25 XAN. 2013

S A I D A


Num. **36**

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 873**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o restablecemento do programa Preescolar na Casa”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar** que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que o Programa Preescolar na Casa desenvolvíase principalmente no medio rural e consistía en actividades dirixidas principalmente a menores de idades de entre 0 a 3 anos e as súas familias, se ben había algúns de rapaces e rapazas de 3 a 6 anos.

Ao longo dos 35 anos de funcionamento deste programa a Xunta de Galicia, a través de distintos departamentos, colaborou co mesmo, nomeadamente, nos últimos once anos coa Fundación Preescolar na Casa. Non obstante, a realidade social e educativa do rural galego ten evolucionado neste tempo e, ao mesmo tempo, a actual situación económica obriga a priorizar os recursos públicos dispoñibles para a prestación de servizos públicos.

Nesta liña de prioridades, a Consellería de Traballo e Benestar ten fixado os seus obxectivos na familia e nos nenos. Así, neste tipo de recursos vinculados á educación de 0 a 3 anos é onde se ten focalizado o obxectivo prioritario, porque inciden na conciliación da vida familiar, laboral e persoal. E ademais impulsan a dinamización demográfica que tanto precisa a nosa Comunidade.



Por iso, na lexislatura pasada a Xunta de Galicia creou máis de 3.000 prazas públicas en escolas infantís de 0 a 3 anos. E nesa liña vai a continuar traballando, no incremento das prazas públicas nos servizos sociais, especialmente nas escolas infantís de 0 a 3 anos, porque é un servizo que ademais de axudar na conciliación da vida laboral, familiar e persoal tamén asenta á poboación.

De xeito complementario ao respaldo prestado pola Consellería de Traballo e Benestar Social á Preescolar na Casa, ao longo de todo este tempo, tamén existiu unha colaboración por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con esta iniciativa.

En concreto, ao longo destes anos foi habitual que a consellería competente en Educación autorizase o uso de instalacións educativas e, asemade, ao longo de diversos cursos escolares asignou funcionarios docentes en comisión de servizo para participar nas actividades deste programa. Tamén foi frecuente a sinatura de convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Preescolar na Casa para propiciar a difusión do idioma galego entre as familias e os seus fillos, comezando nos primeiros anos de vida dos pequenos e pequenas.

Non obstante, pola información dispoñible e pública, a Fundación Preescolar na Casa leva disolta varios meses. De feito, a propia entidade sustentou nesta circunstancia a imposibilidade de xustificar a axuda concedida en virtude dun convenio de colaboración asinado en marzo de 2012 coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Por parte da Consellería con competencias en Educación de 3 a 6 anos, houbo respaldo a unha iniciativa que durante moito tempo resultou de interese polo complemento ás políticas sociais e educativas que desenvolvía a Administración galega, pero os tempos teñen mudado e posibilitado avances no sistema educativo de Galicia. Por outra parte, a actual situación de crise obrigou e está a obriga a centrar os recursos dispoñibles nos servizos educativos públicos que está a prestar a Xunta de Galicia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

25 XAN. 2013

Núm. 2548

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2013
SAIDA
Num. 27

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2013

2769

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 1020**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a catalogación e a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do estado de conservación no que se atopa o mural pintado por Urbano Lugrís nunha cafetaría da cidade da Coruña, así como as actuacións previstas para garantir a súa conservación e protección”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia traballa con responsabilidade na súa obriga de velar pola integridade do patrimonio histórico e cultural galego e colabora, na medida das súas posibilidades orzamentarias e técnicas, cos propietarios dos bens integrantes do patrimonio cultural galego no obxectivo común de acadar as súas máximas garantías de protección, conservación e enriquecemento.

No caso que nos ocupa, logo de realizárense os labores correspondentes de inspección técnica do mural de Urbano Lugrís existente no local situado nun edificio da rúa Real da Coruña - edificación de titularidade privada e carente de protección individual-, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural está efectuando traballos consistentes na elaboración dun informe organoléptico sobre a súa conservación.


Os resultados deste informe deben servir de base técnica para que os propietarios do ben - responsables primeiros da súa conservación, ao abeiro do recollido no artigo 25 de lei de Patrimonio Cultural de Galicia, así como do seu coidado e protección debida para aseguraren a súa integridade e evitaren a súa perda, destrución ou deterioración- poidan adoptar as

medidas de conservación da pintura mural máis acaídas, sempre coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que, prestando o seu asesoramento e os medios técnicos ao seu alcance, velará pola garantía da súa correcta protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
S A I D A
Num. 216

RS/ms

8 FEB. 2013

3424

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1105**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don José Luis Méndez Romeu , sobre **“o grao de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario aprobado no ano 2010 en relación co Camiño de Inverno e as previsións respecto da súa sinalización, divulgación e promoción, así como as medidas que vai adoptar para a súa revalorización turística ao seu paso polas terras de Valdeorras e Quiroga”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“No tocante ao Camiño de Inverno como ruta de peregrinación xacobeá, a Xunta de Galicia asume o mandato parlamentario polo que se insta a proceder ao seu recoñecemento oficial, mais entendéndose como prioritario no contexto actual proceder en primeiro termo ao estudo e progresiva delimitación oficial das rutas actualmente recoñecidas na Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, pendente dende o ano 1996, tal e como se está a facer.

Neste sentido, logo de se rematar e aprobar a delimitación do trazado do Camiño Francés ao seu paso por Galicia dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela, por primeira vez na súa historia, así como do Camiño Primitivo ou de Ovedo, a Xunta de Galicia está a avanzar nos traballos de delimitación dos restantes Camiños, en función das súas disponibilidades orzamentarias e técnicas, co obxectivo de proceder á súa progresiva aprobación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several fluid, overlapping strokes. The signature is written in a cursive style, with a prominent horizontal line across the middle and a large, sweeping loop on the right side.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE ENTRADA

RS/mc

5 FEB. 2013

3174

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
S A I D A
Num. 143


En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1150**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme E. Pombo Rodríguez e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario e a aplicación das medidas contidas no Plan xeral de normalización da lingua galega”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1339 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 18-19/12/2012, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

2627



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1168**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do remate, antes do inicio do curso escolar 2013-2014, das obras de ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e os seus Contornos, no concello de Sada”**, (publicada no BOPG nº 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro que hai que sinalar é que as instalacións do ‘CEIP Sada y sus Contornos’ que ocupan actualmente ao alumnado son axeitadas para o seu uso con fins educativos. Aínda así, é público e coñecido o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e OU para afrontar a ampliación deste centro educativo e, de feito, no proxecto de orzamentos para 2013 aparece consignada unha partida de 300.000 euros.


Está previsto afrontar a redacción do proxecto básico e de execución da obra de ampliación do ‘CEIP Sada y sus Contornos’ e, unha vez redactado o mesmo e unha vez obtida a licenza correspondente, o seguinte paso será iniciar a tramitación de licitación da obra.

Ademais dos contactos mantidos coa comunidade educativa e co propio concello, desde o departamento educativo da Xunta de Galicia houbo xa traballos previos e, en concreto, en novembro de 2012 tívose notificación oficial do acordo plenario sobre a posta a disposición dos terreos para a ampliación do CEIP –adoptado a mediados do mes anterior-- e nos últimos dous meses do ano pasado recibíronse os resultados técnicos dos estudos topográfico e xeotécnico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

GOBIERNO DE GALICIA
GOVERNAMENTO DA GALIZIA

galicia

RS/mc

4 FEB. 2013

3167

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIDA
Num. 137

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1272**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo V. Docasar Docasar e varios/as deputados/as máis, sobre “**a situación do tecido empresarial galego en relación coa implantación da Formación Profesional dual, prevista no Anteproxecto de lei de mellora da calidade educativa, así como as súas consecuencias para o profesorado galego**”, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Ao longo da pasada lexislatura, a Consellería afrontou un importante traballo normativo e organizativo que contribuíu a adaptar e mellorar a Formación Profesional aos tempos actuais e á realidade socioproductiva de Galicia. As actuacións xa desenvolvidas amosan a aposta decidida da Xunta pola FP como unha ferramenta fundamental para asentar as bases do crecemento e do progreso na nosa Comunidade.

A Administración educativa galega non dubida do interese do tecido socioproductivo de Galicia pola formación e cualificación dos futuros profesionais e, de feito, o ano pasado máis de 7.900 empresas participaron no programa de Formación en Centros de Traballo (FCT).

O Goberno galego asume unha nova etapa e defende que dar nova forza ao modelo educativo de Galicia pasa por renovar a aposta pola FP e por dar novos pasos coa FP dual, de xeito que hai que afondar na relación bidireccional centro-empresa.

A publicación do RD 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, abre para Galicia novas vías que pasan por un maior achegamento da formación ás empresas, favorecendo unha formación profesional que dea resposta as necesidades dos empregadores.

Por Orde do 10 de xaneiro de 2013, pola que se autoriza un proxecto experimental de formación profesional dual do ciclo formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos no CIFP Politécnico de Santiago, en colaboración coa empresa Coremain S.L.U., implántase o primeiro proxecto de formación profesional dual en Galicia, con carácter experimental, como unha actividade formativa inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe.


Este proxecto, que amplía a oferta de formación profesional en Galicia, constituirá un referente sobre as posibilidades da Formación Profesional dual.

De acordo coa normativa estatal e autonómica vixente e coa realidade da nosa Comunidade, o Goberno galego está a dar os primeiros pasos na implantación de accións políticas para a posta en marcha de xeito progresivo dun sistema de aprendizaxe dual de FP, coparticipado entre empresas e administración."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1324**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as mais, sobre **“as previsións do Goberno galego para a posta en valor do Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e das tumbas antropomorfas de San Víctor, así como a creación dun centro de interpretación”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia traballa con responsabilidade na súa obriga de velar pola integridade do patrimonio histórico e cultural galego e colabora, na medida das súas posibilidades orzamentarias e técnicas, cos propietarios e xestores dos bens que o integran, así como coas distintas administracións, na garantía da súa conservación e posta en valor.

No tocante ao Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil cómpre recordar que a Consellería de Cultura, Educación e O.U., a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, logo de promover e realizar entre os anos 89 e 91 unha rigorosa actuación de restauración deste inmovible que permitiu a súa posta en valor como recurso cultural e turístico, vén colaborando activamente na conservación deste monumento -propiedade do Bispado de Ourense e cedido para a súa xestión ao Concello de Parada de Sil-, realizando nel obras de mantemento e acondicionamento en diversas anualidades comprendidas entre os anos 1992 e 2009.

Así mesmo, polo que respecta aos traballos de investigación e posta en valor do xacemento arqueolóxico de San Víctor de Barxacoba, promovidos pola Administración local, cómpre recordar que estes contaron coa colaboración económica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da sinatura dun convenio no ano 2010 polo

que se levaron a cabo os primeiros traballos de limpeza, sondaxes arqueolóxicas, sinalización e valado destes restos.


No actual contexto orzamentario a Xunta de Galicia valora e considera de interese calquera iniciativa promovida polas entidades e administracións propietarias e xestoras destes bens que vaia dirixida á súa posta en valor e prestará, na medida das súas disposicións, o seu asesoramento e todos os medios técnicos ao seu alcance para contribuír a velar pola garantía da súa correcta protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

31 XAN 2013

2774



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 1445**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a colaboración da Xunta de Galicia con Gas Natural Fenosa e a difusión de campañas que exclúen a lingua galega”**, (publicada no BOPG núm. 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:


“A empresa Gas Natural Fenosa, ao igual que adoita facer noutras comunidades autónomas, ofreceulle á Xunta de Galicia a posibilidade, sen custo ningún para a Administración galega, de incluír unha mensaxe á cidadanía nos recibos de consumo de enerxía que emite esta compañía. Neste caso, a canle de comunicación permitía chegar a un gran número de persoas, polo que se decidiu incidir sobre o consumo responsable da auga.

No tocante ao idioma da mensaxe, desde a Administración hidráulica facilitáronse dúas mensaxes, en galego e castelán, co fin de que foran empregadas conforme ás preferencias mostradas polos clientes á hora de recibir as súas facturas nun dos idiomas oficiais da Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, featuring the Galician coat of arms in the center. Overlaid on the stamp is a large, fluid handwritten signature in black ink.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1448**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Secretaría Xeral de Cultura”**, (publicada no BOPG nº 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén realizando un investimento responsable e eficiente co obxectivo de dar a coñecer a través dos medios de comunicación galegos as iniciativas educativas, culturais e lingüísticas impulsadas polo departamento en beneficio da cidadanía.

No caso da Secretaría Xeral de Cultura, a finalidade deste investimento foi difundir entre a cidadanía os proxectos e liñas de traballo no ámbito cultural promovidos pola Administración autonómica e favorecer, deste xeito, o acceso e participación dos galegos e das galegas nunha oferta cultural diversa e de calidade.

Con este obxectivo difundíronse diversas efemérides literarias de especial interese para a nosa cultura. Foi o caso das actuacións realizadas arredor da vida e da obra Celso Emilio Ferreiro con motivo da celebración do ano do escritor –declarado como tal en 2011 polo Parlamento de Galicia–; das actividades promovidas pola Xunta para conmemorar o Día das Letras Galegas 2012, dedicado a Valentín Paz-Andrade; ou do Calendario do Libro e da Lectura 2013, unha iniciativa para contribuír á celebración das datas máis relevantes relacionadas co libro e coa lectura en Galicia.


Tamén se inseriron noutros soportes reportaxes relativas a outras efemérides culturais sinaladas, como o centenario do nacemento do artista Eugenio Granell; ao patrimonio cultural de Galicia, co fin de poñer en valor espazos arquitectónicos e naturais, legado arqueolóxico, etcétera, de especial interese cultural nas catro provincias galegas; ou á difusión da creación musical galega e o recoñecemento dos seus autores de referencia.

Para dar a coñecer estas iniciativas promovidas a prol da nosa cultura a través dos principais grupos de comunicación de Galicia e difundir algunhas das principais actividades culturais en medios audiovisuais e publicacións de ámbito estatal, a Secretaría Xeral investiu un total de douscentos vinte e tres mil oitocentos euros durante o exercicio de 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'G. J. Ordóñez Puime', is written over a faint circular stamp. The stamp contains some illegible text, possibly 'SECRETARÍA XERAL'.

Gonzalo José Ordóñez Puime





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1450**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Fundación Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG nº 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e O.U. vén realizando un investimento responsable e eficiente co obxectivo de dar a coñecer a través dos medios de comunicación galegos as iniciativas educativas, culturais e lingüísticas impulsadas polo departamento en beneficio da cidadanía.

No caso da Fundación Cidade da Cultura, a finalidade deste investimento consistiu basicamente na promoción xeral da Cidade da Cultura de Galicia como espazo cultural e polo de atracción turística e na difusión entre a cidadanía dos eventos institucionais que acolleu o complexo e das actividades organizadas no marco do Programa Cultural 2012.

As campañas de difusión abrangueron actividades culturais como exposicións, festivais, xornadas, encontros, visitas, conferencias ou ciclos de concertos, tales como II Encontro de Artistas Novos ‘Cidade da Cultura de Galicia, o II Foro Internacional de Espazos para a Cultura (FIEC), a programación anual de obradoiros infantís, o Festival solidario ‘Cancións por regalos 2012’, o I Encontro de Economía e Cultura, o Curso de Creatividade e Empresa ou o ciclo de música ‘Os seráns do TAC’, entre outros moitos.


Para dar a coñecer estas iniciativas promovidas a prol da nosa cultura empregáronse diversos soportes como insertos en medios escritos, ¹²⁸⁹cuñas radiofónicas, publicidade online, publicidade

exterior e televisións locais, investindo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia un total de cincocentos oitenta e tres mil euros durante o exercicio de 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias.

A handwritten signature in dark ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text "GOVERNAMENTO DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS".

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

29 XAN. 2013

RS/ms

2630

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

29 XAN. 2013

SAÍDA

Num. 56

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1462**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e varios/as deputados/as mais, sobre **“as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para denegar a solicitude formulada pola dirección do Colexio de Educación Infantil e Primaria Xoán de Requeixo, de Chantada, en relación coa insuficiencia das prazas de comedor escolar”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa normativa vixente en materia de comedores escolares e, en función dunha planificación previa a cada inicio de curso, a Consellería autoriza o número de prazas que pode ofertar cada centro educativo, se ben con frecuencia, a partir do inicio das clases, hai que atender casos derivados do resultado da formalización de matrícula e/ou da chegada de novo alumando que con posterioridade.

En concreto, na asignación de prazas de comedor, o departamento competente realiza no momento oportuno unha planificación que, neste caso, tomou como referencia o curso 2010/2011 e os anteriores, de tal xeito que se resolveu en xuño a correspondente autorización de prazas para o presente curso escolar.


Non obstante, e para atender ás demandas de prazas por variacións conxunturais de matrícula, ao amparo da correspondente Instrución de normas do funcionamento dos comedores de xestión directa para o curso 2012/2013, está prevista a posibilidade de incrementar prazas de comedor naqueles supostos en que haxa máis solicitudes que prazas.

Por tanto, en relación co centro educativo que motiva a pregunta, hai que dicir que a Consellería desenvolveu as oportunas xestións para atender aos usuarios do comedor que así o teñen recoñecido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

9 XAN. 2013

2626



galicia

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 504**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“os problemas no abastecemento de vacinas contra a gripe que se están a producir na campaña de 2012, así como as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG nº 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios emitiu unha alerta farmacéutica e inmovilizou cautelarmente doses das vacinas antigripais adquiridas para a campaña deste ano. Para facilitar o axeitado desenvolvemento da campaña substituíronse as vacinas que foran inmovilizadas e ampliouse a duración da campaña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

25 XAN. 2013

Núm. 2555

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

25 XAN. 2013

SAÍDA

Núm. 43

galicia


RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 726**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **“a suba, para o ano 2013, das taxas ou dos prezos fixados polo Sergas para os servizos prestados a terceiros obrigados ao seu pagamento, e as previsións respecto da súa aplicación”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O DECRETO 221/2012, do 31 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, actualiza estas tarifas segundo o IPC, e establece o seguinte:

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no seu anexo IX que, conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:

1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, á Mutualidade Xeral Xudicial ou ao Instituto Social das Forzas Armadas, que non fosen adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema nacional de saúde.



2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme o convenio ou concerto subscrito.
3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.
4. Seguros obrigatorios.
5. Convenios ou concertos con outros organismos ou entidades.
6. Cidadáns estranxeiros, nos supostos previstos.
7. Outros obrigados ao pagamento:
 - a) Accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos en caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou de responsabilidade civil que cubra as continxencias derivadas destas actividades.
 - b) Seguro escolar.
 - c) Calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades ou terceiros correspondentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



Galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 958**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as mais, sobre **“os datos referidos á evolución do VIH/SIDA en Galicia nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012 e os programas de prevención desenvolvidos nese período, a atención que se lles está a prestar ás persoas afectadas, así como as medidas previstas polo Goberno galego para garantirlles a atención sociosanitaria, así como unha axeitada prevención da enfermidade no próximo orzamento”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os datos publicados, no último *Informe VIH-sida en Galicia*, de novos casos de infección VIH nos anos 2009, 2010 e 2011 son respectivamente os seguintes: 215, 167, 185. Os datos correspondentes ao ano 2012 non están aínda dispoñibles para a súa publicación.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública dispón dun programa de facilitación de medios preventivos encadrado no Plan de Acción Anti VIH/sida de Galicia. Este programa ten como piares básicos proporcionar paquetes de inxección hixiénica a persoas usuarias de drogas inxectadas (UDI). Estes paquetes están constituídos por unha xiringa estéril, un vial de auga destilada, unha toallina de alcohol isopropílico e un contedor de plástico ríxido con peche de seguridade para desbotar a xiringa usada. Estes paquetes de inxección hixiénica facilitáanse gratuitamente no programa de intercambio de xiringas en diferentes entidades colaboradoras como algunhas oficinas de farmacia, unidades de atención a usuarios de droga (UAD), centros penitenciarios, entidades privadas sen ánimo de lucro que participan na loita contra as drogodependencias e a infección polo VIH e a sida.



Durante o último ano 2011 estiveron operativos 79 puntos de intercambio, incluídas as oficinas de farmacia adheridas a esta modalidade de intercambio gratuíto de xiringas. Ademais do intercambio gratuíto de paquetes de inxección hixiénica o programa de facilitación inclúe a venda a prezo subvencionado destes paquetes de inxección en todas as farmacias de Galicia.

Durante o ano 2011 distribuíronse 112.800 paquetes de inxección hixiénica de intercambio gratuíto e 173.871 da modalidade de venda subvencionada.

Así mesmo o programa de facilitación de medios preventivos inclúe a distribución gratuíta de preservativos a persoas vulnerables que teñen prácticas sexuais de risco para a infección polo VIH. A Consellería de Sanidade destinou nos orzamentos este ano 2012 a cantidade de 145.000 € para subvencionar proxectos que levan a cabo entidades privadas sen ánimo de lucro para a prevención da transmisión do VIH por vía sexual.

A Consellería de Sanidade colabora con todo tipo de entidades que traballan a prol da loita contra a infección contra o VIH e a sida especialmente cando estas entidades colaboradoras traballan en campos nos que a acción do Servizo Galego de Saúde atopa máis dificultades para conseguir acceder a poboacións especialmente vulnerables e con escasa relación cos servizos sanitarios.

A infección polo VIH e a sida segue a ser unha prioridade nas políticas de saúde pública e como tal esta considerada tanto nas políticas preventivas de saúde pública como na actividade asistencial.

Paquetes de inxección hixiénica	Paquetes de intercambio	Paquetes de venda subvencionada en farmacia
Ano 2009	209.750	192.887
Ano 2010	184.504	180.495
Ano 2011	112.800	173.871
Ano 2012 (hasta 27-11-2012)	90.250	124.101



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
25 XAN. 2013
Núm. 2556

galicia

A Consellería de Sanidade colabora e promove proxectos e accións, en colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro, de prevención da infección polo VIH e a sida dirixidas a poboacións vulnerables para esta infección. O Diario Oficial de Galicia publica cada ano as ordes de axudas para financiar proxectos, en réxime de concorrència competitiva, de accións de saúde pública no campo do VIH e a sida que levan a cabo estas entidades. Tamén financia anualmente proxectos de accións de saúde pública no campo de VIH/sida e as drogodependencias a través de ordes de subvencións en concorrència competitiva. A financiación obtida por cada proxecto esta en relación co resultado deste proceso competitivo entre os diferentes proxectos que se presentan a estas liñas de axudas.

Na situación de crise económica que nos atopamos somos conscientes que algunhas entidades privadas sen ánimo de lucro, están tendo dificultades para conseguir os recursos necesarios para levar a cabo os seus proxectos. Non dispomos do número das entidades afectadas.


A Consellería de Sanidade ten a disposición dos pacientes con infección polo VIH e a sida todos os recursos de atención, tanto asistenciais de atención primaria e atención especializada na rede de centros do Servizo Galego como os de saúde pública en canto as políticas de prevención desta infección e para o coidado e atención da súa enfermidade

A infección polo VIH e a sida é unha prioridade para a Consellería de Sanidade e polo tanto continuarase coas políticas preventivas se se viñeron implementando ate o de agora especialmente sobre aquelas persoas que teñen polas súas prácticas un elevado risco de contraer ou transmitir a infección.

Actualmente non existe lista de espera para a atención a pacientes con lipodistrofia asociada a infección polo VIH e a sida.

A medicación hospitalaria dos pacientes con infección polo VIH e a sida está a disposición de todos os pacientes que a necesitan e totalmente gratuíta.

Todos os pacientes con infección con VIH/sida teñen garantida a medicación que precisan e todo tipo de coidado e atención sanitaria no Servizo Galego de Saúde.



Os enfermos de VIH/sida que se atopan en situación irregular no noso país poden acollerse aos beneficios da prestación da asistencia sanitaria que lles outorga a instrución 17/ 2012 de data 9 de novembro de 2012. Dita instrución ditada pola Consellería de Sanidade garante a asistencia sanitaria integramente dos pacientes con infección VIH/sida que se atopen en situación irregular no noso país.

A Federación Galega de Asociacións de Axuda ao Drogo dependente (FEGAD) non presentou ningún proxecto ni solicitou ningunha axuda ao amparo da orde de subvencións a proxectos de accións de saúde pública no campo de VIH/sida neste ano 2012.

A Consellería de Sanidade agradece o traballo e o interese das entidades privadas sen ánimo de lucro que traballan voluntariamente a favor de mellorar as condicións de vida de persoas afectadas por algunhas enfermidades concretas como é o caso das drogodependencias, polo que colabora e apoia estas iniciativas.

A Consellería de Sanidade ten unha rede asistencial en drogodependencias que abarca a totalidade do territorio galego e que sigue prestando asistencia a todas as persoas con problemas de trastornos aditivos que o precisen. Non se deixa de prestar ningún servizo por parte da rede asistencial financiada pola Consellería de Sanidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in dark ink, appearing to be 'Gonzalo José Ordóñez Puime', written over a faint circular stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727